



Facultade de Fisioterapia

Presentación

As guías docentes recollen información relevante das materias que compoñen o plan de estudos do Grao en Fisioterapia.

Equipo Decanal Centro e Directivo dos Departamentos

EQUIPO DECANAL DO CENTRO:

Decana: M^a Mercedes Soto González

Teléfono: 986 80 17 51 ou 986 80 17 52

Correo: m.soto@uvigo.es

Vicedecana: Iria Da Cuña Carrera

Teléfono: 986 80 17 53 ou 986 80 17 52

Correo: iriadc@uvigo.es

Secretaria: M^a del Rocío Abalo Núñez

Teléfono: 986 80 17 54 ou 986 80 17 52

Correo: rocioabalo@uvigo.es

DEPARTAMENTOS:

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: María del Pilar Molist García

Secretario: Marcos Antonio López Patiño

Sede: Edificio de Ciencias Experimentais. Campus de Vigo.

Correo: depc01@uvigo.es

Teléfono: 986 812646

DEPARTAMENTO DE ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA

EQUIPO DIRECTIVO:

Director: Antonio López Castedo

Secretaria: Yolanda Rodríguez Castro

Sede: Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Correo: xncedou05@uvigo.es

Teléfono: 988 387108

DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECIAIS

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Ángeles Fernández Villarino

Secretario: Javier Blanco Sierra

Sede: Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Correo: depx05@uvigo.es

Teléfono: 988 387145

DEPARTAMENTO ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

EQUIPO DIRECTIVO:

Director: Juan Carlos Pardo Fernández

Secretario: María Ángeles Saavedra González

Sede: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus de Vigo

Correo: udeconomicas@uvigo.es

Teléfono: 986 130213

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Helena Cortes Gabaudan

Secretaria: Ana María Bringas López

Sede: Facultade de Filoloxía e Traducción. Campus de Vigo.

Correo: udhumanidades@uvigo.es

Teléfono: 986 813799

Páxina web

<http://fisioterapia.uvigo.es/>

Localización



Facultade de Fisioterapia de Pontevedra

Campus da Xunqueira s/n, 36005 Pontevedra

Teléfono:986 80 17 50

Fax: 986 80 17 80

Correo:sdfisioterapia@uvigo.es

Grao en Fisioterapia

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P05G171V01301	Fisioterapia en trastornos neuromotrices	1c	9
P05G171V01302	Fisioterapia cardiorrespiratoria	1c	9
P05G171V01303	Inglés para ciencias da saúde	1c	6
P05G171V01304	Fisioterapia no deporte e a actividade física	1c	6
P05G171V01305	Pilates aplicado en fisioterapia	1c	6
P05G171V01306	Fisioterapia en uroxiñecoloxía e obstetricia	1c	6
P05G171V01307	Fisioterapia en pediatría	1c	6
P05G171V01308	Fisioterapia en especialidades clínicas I	2c	9
P05G171V01309	Fisioterapia en especialidades clínicas II	2c	9
P05G171V01310	Fisioterapia no linfedema	2c	6
P05G171V01311	Fisioterapia na diversidade funcional	2c	6
P05G171V01312	Rehabilitación cardíaca	2c	6
P05G171V01313	Fisioterapia laboral e ergonomía	2c	6
P05G171V01314	Fisioterapia cérvico-cráneo-mandibular	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Fisioterapia en trastornos neuromotrices				
Materia	Fisioterapia en trastornos neuromotrices			
Código	P05G171V01301			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Machado de Oliveira, Iris			
Profesorado	González González, Yoana Machado de Oliveira, Iris Monge Pereira, Esther			
Correo-e	irismacoli@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta é unha materia impartida no primeiro cuadrimestre de terceiro curso do título de grao en fisioterapia onde se abordan contidos teóricos e prácticos acerca de métodos de tratamento e estratexias de valoración en alteracións neuromotrices.			
	Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ó profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
C7	Coñecer os trocos fisiolóxicos e estruturais que se poden producir como consecuencia da aplicación da fisioterapia.
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.
C15	Comprender os principios ergonómicos e antropométricos.
C19	Comprender e realizar os métodos e técnicas específicos referidos ao aparello locomotor (incluíndo terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxia), aos procesos neurolóxicos, ao aparello respiratorio, ao sistema cardiocirculatorio e ás alteracións da estática e a dinámica. Métodos e técnicas específicas que teñan en conta as implicacións da ortopedia na fisioterapia, técnicas terapéuticas reflexas, así como outros métodos e técnicas alternativas e/ou complementarias cuxa seguridade e eficacia estea demostrada segundo o estado de desenvolvemento da ciencia.
C20	Identificar o tratamento fisioterapéutico mais axeitado nos diferentes procesos de alteración, prevención e promoción da saúde así como nos procesos de crecemento e desenvolvemento.
C35	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.
D8	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade mais xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer e describir os principios básicos de funcionamento do sistema nervioso e muscular.	A2 B3 C35 D7
Coñecer e describir os principios biomecánicos implicados nas alteracións neuromotoras.	A2 B3 C35 D7
Describir os principios fisiolóxicos do sistema propioceptivo e aplicar diferentes formas de intervención en alteracións do sistema propioceptivo.	A2 B3 C15 D7 C35
Coñecer, executar e rexistrar a valoración de pacientes con trastornos neuromotores.	A2 B3 C7 D3 C13 D7 C15

Nomear e aplicar técnicas terapéuticas para o tratamento de afeccións neuromotoras.	A2	B3	C15 C19 C20	D3 D7
Relatar as bases fisiolóxicas e terapéuticas de diferentes métodos de fisioterapia usadas no tratamento de trastornos neuromotores.	A2	B3		D7
Realizar, expor e defender, en grupo, un traballo sobre un tema relacionado cos contidos da materia.	A2	B1 B3	C15 C20	D7 D8

Contidos

Tema	
Principios de funcionamento do sistema nervioso e muscular.	Afondar nos principios de funcionamento do sistema nervioso, tanto central como periférico, e o sua interrelación co sistema osteomuscular.
Principios biomecánicos nas alteracións neuromotoras.	Afondar en patróns biomecánicos típicos do movemento funcional e como as alteracións en devanditos patróns pode conducir aos diferentes trastornos neuromotores.
Métodos de valoración das alteracións neuromotoras.	Explicar e aplicar as principais ferramentas de avaliación da sensibilidade e do movemento nos pacientes con algún tipo de trastorno neuromotores co obxectivo de permitir o planexamento da intervención e tamén o seguimento da evolución da patoloxía.
Métodos de fisioterapia no tratamento das afeccións neuromotoras.	Explicar e aplicar diferentes métodos de tratamento en fisioterapia, con diferentes enfoques de base, pero centrados nos trastornos neuromotores de diferentes etioloxías.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	24	44	68
Prácticas de laboratorio	45	55	100
Traballo tutelado	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	20	21
Simulación ou Role Playing	1	20	21
Traballo	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	A persoa coordinadora da materia explicará os puntos a ter en conta referentes ao temario da materia e as/os seus docentes responsables, a forma de avaliación a levar a cabo e como estarán estruturadas as clases teóricas e prácticas da materia, ademais do traballo en grupo que se debe realizar. Explicará tamén a proposta de programación de clases a levar a cabo durante o cuadrimestre e as datas de realización dos exames. Finalmente, explicará as obrigacións docentes do alumnado para o desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Nas clases teóricas combinarase a lección maxistral con clases teórico-participativas onde se fomenta e motívese a participación do alumnado. Poderase establecer actividades previas á impartición da clase e a súa entrega a través da plataforma virtual da materia en Campus Remoto para a súa posterior discusión durante a clase teórica. Ademais poderanse levar a cabo, durante as clases, actividades de resolución de problemas e actividades de traballo colaborativo. A criterio dos docentes responsables polos diferentes módulos, poderanse establecer foros de discusión no espazo propio da materia na plataforma de docencia virtual Moovi.
Prácticas de laboratorio	Seguirase unha metodoloxía demostrativa, buscando a integración dos coñecementos teóricos na práctica. O alumnado realizará a práctica, sendo corrixidos polo docente e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Ademais, expóranse estudos de caso e debates relacionados coa temática das clases.
Traballo tutelado	Desenvolvemento dun traballo teórico/práctico sobre unha temática relacionada cos contidos da materia. Os grupos de traballo determinaranse por temática ao principio do cuadrimestre pola coordinadora da materia. O traballo constará dunha primeira parte onde farase unha revisión da literatura científica sobre o tema acordado e unha segunda parte onde leva a cabo un vídeo explicativo da técnica ou ferramenta de valoración que sexa obxecto da temática do traballo e ademais presentárase un traballo escrito cos resultados da primeira parte do traballo. Farase un seguimento individual de cada integrante do grupo pois as notas estableceranse de forma individual. Os prazos de entrega do traballo e presentación publicaranse a principio do cuadrimestre na plataforma virtual da materia en Moovi.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas referentes ao temario teórico que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas referentes ao temario práctico que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.
Traballo tutelado	A atención personalizada estará centrada en solucionar dúbidas, en orientar o traballo a realizar na materia, e a levar rexistro e valorar o realizado polo alumnado dun mesmo grupo e tamén de forma individual para cada integrante. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consta de preguntas de desenvolver sobre o temario da materia. Todas as preguntas terán o mesmo valor. Este exame, referente ao temario teórico da materia, levarase a cabo no horario lectivo según o indicado na programación da materia.	40	A2	B3	C15 D7 C35
Simulación ou Role Playing	Exame práctico onde o alumnado contesta dun modo práctico diferentes preguntas. Estes supostos prácticos son elixidos ao azar. Para optar a superar o exame práctico, o/a alumno/a non debe ter en ningunha das preguntas unha puntuación de "0". Para poder realizar o exame práctico, o/a alumno/a debe presentarse primeiro ao teórico. Esta parte da avaliación levarase a cabo no horario establecido no documento referente ao calendario de exames na convocatoria ordinaria.	40	A2	B3	C7 D3 C13 D7 C15 C19 C20
Traballo	A realización do traballo da materia e telo superado é obrigatorio para superar a materia. O traballo considerarase superado si alcanza, polo menos, 1.0 punto. O traballo será entregado en soporte dixital empregando a plataforma virtual Moovi.	20	A2	B1	C15 D7 B3 C20 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia o/a alumno/a debe ter aprobada cada parte por separado (exame de preguntas de desenvolver, simulación ou *Role Playing* e traballo). Aos/As alumnos/as que non superen a materia na convocatoria ordinaria, se lles gardará a parte superada para a convocatoria de 2ª oportunidade dentro do mesmo curso académico.

Avaliación continuada:

É a avaliación establecida por defecto e que ven descrita no apartado de avaliación da materia con seus respectivos porcentaxes.

Avaliación global:

O alumnado poderá solicitar a renuncia á avaliación continuada informando ao/a coordinador/a da materia no prazo establecido. Nese caso será avaliado/a polo procedemento de avaliación global. A avaliación global da materia inclúe exactamente os mesmos apartados que a avaliación continuada.

Avaliación de 2ª oportunidade:

A avaliación de segunda oportunidade inclúe os mesmos apartados que a avaliación continuada, con a diferenza de que, o traballo, no caso de non telo superado na modalidade de grupo, farase en modalidade individual seguindo as orientacións establecidas polo/la coordinador/a da materia.

Outros comentarios:

A calificación de suspenso nunca será superior a 4,5. Polo tanto, podería darse o caso de que un/ha alumno/a obteña na avaliación global, tendo en conta os porcentaxes das probas de avaliación, unha calificación de 5 sobre 10 ou superior; non obstante, si o/a alumno/a ten suspenso algunha das partes da avaliación, a calificación na avaliación global será de suspenso.

O alumnado que non queira seguir a avaliación continuada deberá notificalo por escrito seguindo o procedemento que establezca a Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continuada debe realizarse antes da 5ª semana de docencia,

o que supón que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada á avaliación continuada, non terase dereito á mesma, nin ás consideracións que nela establezcanse.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Shumway-Cook, **CONTROL MOTOR DE LA INVESTIGACION A LA PRACTICA CLINICA: De la investigación a la práctica clínica**, 2019

Kisner et al, **Therapeutic Exercises: foundations and techniques**, 2018

Cano de la Cuerda, **Nuevas tecnologías en neurorrehabilitación: aplicaciones diagnósticas y terapéuticas**, 2018

Bibliografía Complementaria

Souchard, **Reeducación postural global**, 2022

Gelener et al, **Proprioception and Clinical Correlation**, 2021

Dunleavy & Slowik, **Therapeutic Exercise Prescription**, 2019

Sánchez-Rodríguez et al, **APPS En Nerorrehabilitación**, 2016

Cano de la Cuerda, **Neurorrehabilitación: métodos específicos de valoración y tratamiento**, 2012

Downie, **Neurología para fisioterapeutas**, 2001

Alamer et al, **Effect of Ankle Joint Mobilization with Movement on Range of Motion, Balance and Gait Function in Chronic Stroke Survivors: Systematic Review of Randomized Controlled Trials**, 2021

Reid et al, **Adding mobilisation with movement to exercise and advice hastens the improvement in range, pain and function after non-operative cast immobilisation for distal radius fracture**, 2021

Pourahmadi et al, **Effectiveness of Proprioceptive Neuromuscular Facilitation on Pain Intensity and Functional Disability in Patients with Low Back Pain: A Systematic Review and Meta-Analysis**, 2020

Weerasekara et al, **Effect of Mobilisation with Movement (MWM) on clinical outcomes in lateral ankle sprains: A systematic review and meta-analysis**, 2020

Delhay et al, **Neural Basis of Touch and Proprioception in Primate Cortex**, 2019

Bastos et al, **Proprioceptive Neuromuscular Facilitation: A Physiotherapeutic Concept with Excellent Clinical Results but Little Explored in its Potential in Scientific Research**, 2018

Chaturvedi et al, **Proprioceptive neuromuscular facilitation (PNF) vs. task specific training in acute stroke: the effects on neuroplasticity**, 2018

Tuthill & Azim, **Proprioception**, 2018

Sharma & Kaur, **Effect of core strengthening with pelvic proprioceptive neuromuscular facilitation on trunk, balance, gait, and function in chronic stroke**, 2017

Yildirim et al, **Comparison of effects of static, proprioceptive neuromuscular facilitation and Mulligan stretching on hip flexion range of motion: a randomized controlled trial**, 2016

Behm et al, **Acute effects of muscle stretching on physical performance, range of motion, and injury incidence in healthy active individuals: a systematic review**, 2015

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Fisioterapia en especialidades clínicas I/P05G171V01308

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G171V01102

Fisioloxía: Movemento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

Anatomía humana: Afeccións médicas/P05G171V01201

Anatomía humana: Afeccións cirúrxicas/P05G171V01202

Cinesiterapia/P05G171V01203

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia cardiorrespiratoria**

Materia	Fisioterapia cardiorrespiratoria			
Código	P05G171V01302			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Lantarón Caeiro, Eva María			
Profesorado	Lantarón Caeiro, Eva María Mollinedo Cardalda, Irimia			
Correo-e	evalantaron@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.			
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
C1	Coñecer os principios e teorías dos axentes físicos e as súas aplicacións en fisioterapia.			
C7	Coñecer os trocos fisiolóxicos e estruturais que se poden producir como consecuencia da aplicación da fisioterapia.			
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.			
C14	Comprender e aplicar os métodos e procedementos manuais e instrumentais de Valoración en Fisioterapia e Rehabilitación Física, así como a avaliación científica da súa utilidade e efectividade.			
C18	Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.			
C19	Comprender e realizar os métodos e técnicas específicos referidos ao aparello locomotor (incluíndo terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxia), aos procesos neurolóxicos, ao aparello respiratorio, ao sistema cardiocirculatorio e ás alteracións da estática e a dinámica. Métodos e técnicas específicas que teñan en conta as implicacións da ortopedia na fisioterapia, técnicas terapéuticas reflexas, así como outros métodos e técnicas alternativas e/ou complementarias cuxa seguridade e eficacia estea demostrada segundo o estado de desenvolvemento da ciencia.			
C20	Identificar o tratamento fisioterapéutico mais axeitado nos diferentes procesos de alteración, prevención e promoción da saúde así como nos procesos de crecemento e desenvolvemento.			
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Definir a Fisioterapia Respiratoria e identificar seus antecedentes	B3			
Enunciar os principios básicos da mecánica respiratoria	C7			
Analizar, executar e rexistrar a valoración do paciente cardiorrespiratorio	A2	B3	C1 C7 C9 C14	
Coñecer e aplicar exercicios terapéuticos e métodos especiais para as enfermidades e lesións cardiorrespiratorias.	A2	B2	C1 C7 C9 C18 C19 C20	
Deseñar e analizar o plan de intervención de fisioterapia cardiorrespiratoria.	A2	B2 B3	C14 C19 C20	D4

Contidos	
Tema	
TEMARIO TEÓRICO	-
Introducción a la Fisioterapia respiratoria	-
Valoración do/a paciente respiratorio	-
Métodos e técnicas de Fisioterapia cardiorrespiratoria	- Técnicas de permeabilización da vía aérea - Técnicas de reeducación ventilatoria - Exercicio terapéutico en patoloxía cardiorrespiratoria.
TEMARIO PRÁCTICO	-
Valoración do/a paciente respiratorio	- Valoración física do paciente respiratorio. - Valoración dos ruidos respiratorios. - Exploración funcional respiratoria en reposo. - Exploración funcional respiratoria durante o exercicio.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32	59	91
Prácticas de laboratorio	43	75	118
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Práctica de laboratorio	1	0	1
Cartafol/dossier	3	11	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Nas clases maxistras usaranse as seguintes metodoloxías docentes: - Actividades introductorias - Resolución de problemas - Estudio e presentación de casos - Debate - Foros de discusión - Aprendizaxe colaborativo
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de laboratorio levaranse a cabo as prácticas relacionadas cos contidos da materia fomentando a resolución de problemas de forma autónoma así como o debate e estudos de casos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá solicitar titorías de forma presencial, por campus remoto ou a través de correo electrónico.
Prácticas de laboratorio	O alumnado poderá solicitar titorías de forma presencial, por campus remoto ou a través de correo electrónico.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Non se poderá deixar ningunha sen contestación efectiva.	35	A2 B2 C1 B3 C7 C9 C18 C19 C20

Práctica de laboratorio	Un exame práctico - Role play, onde a/o alumna/o contesta dun modo práctico a 2- 3 supostos. Estes supostos prácticos son elixidos ao azar pola/o alumna/o dentro do conxunto de métodos de valoración e técnicas de tratamento que se fixeron ao longo do curso. Sacarase un listado no seu momento co horario de exame de cada alumna/o matriculado na materia. Para poder presentarse ao exame práctico, o alumno/a ten que presentarse primeiro ao exame teórico.	35	A2	B2 B3	C14 C19 C20	D4
Cartafol/dossier	O alumno elaborará 3 cartafoles, cun valor do 10% da nota cada un. 1.- Valoración completa dun paciente respiratorio. 2.- Protocolos de tratamento mediante técnicas de permeabilización- Caso clínico. 3.- Exercício cardiorrespiratorio.	30	A2	B3	C1 C20	D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todas as preguntas do exame deben ter unha resposta efectiva.

-AVALIACIÓN CONTINUA: Na modalidade de avaliación continua as porcentaxes de avaliación son:-Exame teórico (total 35%)-Exame Práctico (Simulación ou Role Playing): 35% (Para presentarse ao exame práctico, o alumno deberá presentarse ao exame teórico).-Cartera/expediente: 3 documentos de carteira cun valor do 10% cada un. Obrigatorio.

Para aprobar a materia, o alumno deberá: obter polo menos un 5 sobre 10 no exame teórico e no exame práctico. (Tanto no exame teórico como no práctico, todas as preguntas do exame deben ter unha resposta efectiva).A nota global da materia deberá ser superior a 5 tendo en conta as distintas porcentaxes de avaliación.As probas escritas poden incluír exercicios de selección múltiple, exercicios verdadeiro/falso, exercicios de correspondencia de elementos, exercicios de conclusión de frases, exercicios de resposta cun termo específico, resolución de casos clínicos ou interpretación dunha imaxe/gráfica, así como outras actividades que se desenvolveron ao longo do curso. o curso. Así mesmo, no mesmo enunciado pódense avaliar conceptos de diversos temas para comprobar a asimilación de contidos por parte do alumnado.

-AVALIACIÓN GLOBAL (renuncia á avaliación continua):Na modalidade de avaliación global, as porcentaxes de avaliación son:-Exame teórico (total 50%)-Exame Práctico (Simulación ou Role Playing): 50% (Para presentarse ao exame práctico, o alumno deberá presentarse ao exame teórico).

Para aprobar a materia, o alumno deberá: obter polo menos un 5 sobre 10 no exame teórico e no exame práctico. (Tanto no exame teórico como no práctico, todas as preguntas do exame deben ter unha resposta efectiva).A nota global da materia deberá ser superior a 5 tendo en conta as distintas porcentaxes de avaliación. O alumnado que non queira seguir a avaliación continua deberá comunicalo por escrito seguindo o procedemento establecido pola Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua deberá realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada á avaliación continua, non terá dereito a ela nin ás consideracións que nela se establezan.Para realizar o exame práctico o alumno deberá presentarse ao exame teórico.-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA-RECUPERACIÓN: Na avaliación de recuperación mantéñense as mesmas porcentaxes que na avaliación global. Ademais, mantéñense os mesmos requisitos mínimos para superar a materia.Para aprobar a materia, o alumno debe aprobar o exame teórico e o exame práctico (Para poder presentarse ao exame práctico, o alumno debe presentarse ao exame teórico).Todas as preguntas do exame deben ter unha resposta efectiva.No caso de superar as probas teóricas, ou o exame práctico, a cualificación conservarase na convocatoria de recuperación.

Outras consideracións: Independentemente da nota media obtida nas probas de avaliación, se non se cumpren os requisitos mínimos anteriormente expostos, a cualificación obtida quedará SUSPENSA. A nota de suspenso nunca será superior a 4,5. En todas as convocatorias e modalidades para poder presentarse á proba práctica hai que realizar previamente a proba teórica. Polo tanto, podería darse o caso de que un alumno obteña unha nota de 5 sobre 10 ou superior na avaliación global, tendo en conta as porcentaxes das probas de avaliación; non obstante, se o alumno non supera algunha das probas de avaliación, a cualificación da avaliación global será suspendida.Os sistemas de avaliación descritos nesta Guía Didáctica son sensibles tanto á avaliación das competencias como aos contidos da materia.Para realizar o exame práctico o alumno deberá presentarse ao exame teórico.A presenza de faltas ortográficas en traballos ou probas escritas pode levar ao suspenso.

A Guía Docente seguirá a NORMATIVA DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO (Aprobada polo claustro o 18 de abril de 2023), así como as adaptacións específicas para o Grao en Fisioterapia que determine a Xunta de Centro. .

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Seco J, **Sistema Respiratorio Métodos, fisioterapia clínica y afecciones para fisioterapeutas**, Panamericana, 2018

West JB, Luks Andrew M, **Fisiopatología pulmonar. Fundamentos**, 9ª, Wolters Kluwer, 2017

Giménez,M. , Servera, E., Vergara,, **Prevención y Rehabilitación en Patología Respiratoria Crónica. Fisioterapia, entrenamiento y cuidados respiratorios**, 2ª, Médica Panamericana., 2004

Pleguezuelos,E; Miranda G; Gómez, A; Capellas L, **Rehabilitación integral en el paciente con enfermedad pulmonar obstructiva crónica**, Panamericana, 2008

Bibliografía Complementaria

Postiaux G, **Fisioterapia respiratoria en el niño**, McGraw-Hill/Interamericana de España, 1999

Recomendacións**Materias que continúan o temario**

Fisioterapia en especialidades clínicas I/P05G171V01308

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Anatomía humana: Afeccións medicocirúrxicas/P05G171V01107

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Anatomía humana: Afeccións médicas/P05G171V01201

DATOS IDENTIFICATIVOS**Inglés para ciencias da saúde**

Materia	Inglés para ciencias da saúde			
Código	P05G171V01303			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	García de la Puerta, Marta			
Profesorado	García de la Puerta, Marta			
Correo-e	mpuerta@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral: Inglés para Ciencias da Saúde é un curso para futuros/as fisioterapeutas que necesiten comunicarse cós/ás pacientes en inglés. O curso céntrase nas habilidades lingüísticas e comunicativas que os/as fisioterapeutas necesitan para que as consultas sexan máis eficaces.

Tamén proporciona amplas oportunidades para que os/as estudantes tome conciencia e practique a lingua inglesa en escenarios simulados. Para iso, este curso ensina ao alumnado a desenvolverse diferentes situacións comunicativas, como recibir ó/á paciente, elaborar un historial clínico, examinar a un/ha paciente, describir as opcións de tratamento etc.

O seu enfoque integrado das destrezas comunicativas desenvolve a autoconfianza do alumnado para levar a cabo con éxito encontros profesionais dentro dunha comunidade global de fala inglesa.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía			
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.			
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.			
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
B4	Adquirir formación científica básica en investigación.			
C4	Coñecer e desenvolver a teoría da comunicación e as habilidades interpersoais.			
C33	Integrar todos os coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes e valores, adquiridos en todas as materias, desenvolvéndose todas as competencias profesionais e capacitando para una atención de fisioterapia eficaz con la realización de prácticas preprofesionais en forma de rotatorio clínico independente e cunha avaliación final de competencias nos centros de saúde, hospitais e outros centros asistenciais.			
D2	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo			
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade			
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións			
D5	Desenvolver a capacidade de liderado e organización.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Desenvolver as destrezas de comprensión oral e escrita, así como as destrezas de expresión oral e escrita en Inglés para as Ciencias da Saúde a nivel intermedio.	A2 A5	B3 B4	C4	D2 D4
Fomentar o desenvolvemento da lingua inglesa no ámbito das Ciencias da Saúde co fin de aplicala en situacións profesionais e, particularmente, durante unha consulta	A2	B1 B2 B3 B4	C4	D2 D3 D4 D5
Formación e capacitación profesional para traballar en contextos, institucións e centros de fisioterapia nacionais e estranxeiros relacionados co ámbito das Ciencias da Saúde.	A2	B1 B2 B3 B4	C4 C33	D2 D3 D4 D5

Contidos

Tema

0. Introducción á comunicación	Recoñecer os diversos elementos que constitúen a comunicación (comunicación verbal, non verbal, etc.) Comprender cómo unha boa comunicación beneficia a entrevista a un/ha paciente. Os numeráis. Vocabulario relacionado coa saúde e a sanidade.
1. Recibindo ó/á paciente.	Saudar ós /as pacientes e facer que se sintan cómodos/as. Presentarse e explicar o papel do/da fisioterapeuta. Facer a pregunta inicial e explicar os pasos da entrevista.
2. Motivo da visita.	Animar ós/ás pacientes a que se expliquen coas súas propias palabras. Entender e anotar adecuadamente o motivo da visita. Preguntar sobre o tipo e intensidade da dor. Utilizar técnicas como a facilitación, a repetición e a clarificación.
3. Historia médica do/da paciente e a súa familia.	Anotar a historia médica do/da paciente e a súa familia. Estructurar e explicar a consulta.
4. Examinar a un/ha paciente.	Preparar e dar confianza ó/á paciente durante o exame. Dar instrucións comprensibles e óptimas para ó/á paciente.
5. Dar resultados.	Explicar os resultados de maneira que os/as pacientes os comprendan e os lembren. Animar ós/as pacientes a que expresen os seus medos e preocupacións. Explicar a terminoloxía médica. Dar un diagnóstico.
6. Planificar o tratamento e pechar a entrevista.	Explicar o tratamento ó/á paciente. Barallar opcións. Describir os beneficios. Aconsellar sobre o estilo de vida. Negociar sobre o estilo de vida. Negociar sobre o tratamento. Pechar a entrevista.
7. Tratar temas delicados.	Tratar temas delicados sen prexuízos nin xuízos de valor. Saber ver e responder as sinais do/a paciente. Empregar as preguntas da técnica CAGE.
8. Habilidades escritas dun/dunha profesional da saúde.	Ortografía médica. Escribir notas a pacientes. Abreviaturas médicas estándar.
9. Presentacións profesionais.	Presentacións impactantes e eficaces. Estructurar unha presentación. Utilizar conectores para enlazar as partes. Ilustrar a importancia da linguaxe corporal e a xestión da voz para comunicar a mensaxe de forma clara e persuasiva.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	22	47	69
Aprendizaxe baseado en proxectos	21	44	65
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	4	5
Exame de preguntas obxectivas	1	4	5
Práctica de laboratorio	1	4	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia: obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación etc. Realización dunha enquisa de análise de necesidades para detectar os coñecementos previos de inglés e descubrir os intereses e motivacións do alumnado.
Seminario	Fomentarse a competencia comunicativa do alumnado mediante a posta en práctica das catro destrezas lingüísticas. Formulación, análise, resolución e debate de exercicios relacionados coa materia. Exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto ou dun traballo relacionado coa materia. Utilización de vídeos e gravacións relacionados cos temas tratados como recurso metodolóxico importante. O uso das tecnoloxías da información (TI) en clase (recursos en liña, aplicacións de aprendizaxe de idiomas, plataformas virtuais de aprendizaxe, como MooVi etc.)/ etc.) mellorará a experiencia de aprendizaxe e ofrecerá aos estudantes a oportunidade de relacionarse co idioma de forma dinámica e interactiva.

Aprendizaxe baseado en proxectos ofrece aos estudantes a oportunidade de participar en proxectos do mundo real que son significativos, atractivos e aliñados co plan de estudos. Os proxectos están deseñados para reflectir situacións da vida real, permitindo aos estudantes aplicar os seus coñecementos e habilidades para abordar problemas ou retos complexos. Fomenta a integración multidisciplinar: Os proxectos poden abarcar diferentes materias, o que permite aos estudantes ver as conexións entre varios temas e aplicar coñecementos e habilidades de diferentes áreas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas que poida ter o alumnado, a orientar os seus esforzos na materia e aumentar a súa motivación de cara á aprendizaxe.
Seminario	A atención personalizada, basicamente, estará centrada en solucionar dúbidas, en orientar o traballo a realizar na materia, a levar rexistro e valorar o feito polo alumnado así como en aumentar a súa motivación de cara á aprendizaxe.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	O/a alumno/a realizará tarefas e exercicios para poñer en práctica as destrezas lingüísticas e habilidades comunicativas en inglés.	30	A2 A5	B1 B3 B4	D2 D3 D4	
Exame de preguntas obxectivas	O/a alumno/a realizará probas tipo test para avaliar os coñecementos adquiridos.	20	A2 A5	B1 B2 B3 B4	C4	D3 D4 D5
Práctica de laboratorio	Participación activa nas tarefas prácticas plantexadas. Presentación e exposición oral dun traballo e tarefas tipo `role play´ para poñer en práctica as destrezas lingüísticas e habilidades comunicativas en inglés. Nestas probas a profesora recollerá os resultados das actividades o proxectos realizados polo alumno ao longo do cuatrimestre. Estas actividades serán orais ou escritas e poderán realizarse en grupo e/ou individualmente. A porcentaxe será a seguinte: - Exposición oral dun traballo: 25% - Role play: 25%	50	A2	B2 B3 B4	C4	D2 D3 D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Consideracións específicas

Existen dous sistemas de avaliación: continua e global (única). A elección dun sistema exclúe ao outro.

1.1 Avaliación continua

Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua é necesario **asistir ao 80% das horas presenciais** con aproveitamento e participación. Aquel/a alumno/a que non acade dita porcentaxe, perderá esta opción. O alumnado que se acolla á avaliación continua computaráselle o 100% da cualificación final cos traballos e probas do curso. A non realización das probas ou traballos ao longo do curso computaranse como un cero (0.0). Os traballos solicitados deberán entregarse ou presentarse nos prazos e datas marcadas.

1.2 Avaliación global

O alumnado que non queira seguir a avaliación continua deberá notificalo por escrito seguindo o procedemento que establece a Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua deber realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada á avaliación continua non terá dereito á mesma, nin ás consideracións que nela establézanse.

A avaliación global, que realizarán aqueles/as alumnos/as que se acollan a ela, consistirá nunha proba global final que se desenvolverá na data oficial establecida pola Xunta de Facultade. Para iso o alumnado deberá consultar na web de devandito centro, onde se especifican o día, lugar e hora da celebración do exame.

2. Cualificación da materia

2.1 Avaliación continua

Os alumnos que se acollan á avaliación continua se lles computará:

- 1) Un 30% da cualificación final coa participación nas actividades de clase ou fora de clase ao longo do cuatrimestre: preparación e entrega de traballos para completar a unidade didáctica abordada, exposicións orais e outras tarefas (a entregar en man e/ou por Moovi). Os traballos solicitados deberán entregarse ou presentarse nos prazos e datas marcados. Os traballos non realizados ou entregados fora de prazo computaranse cunha cualificación de 0,0 puntos.
- 2) Un 20% da cualificación final con probas de preguntas obxectivas.
- 3) Un 50% con dúas probas finais: *role play* (25%) e *presentación oral* (25%).

A nota final calcularase coa media ponderada das diferentes partes, debendo obter un **mínimo dun 4** en todas elas. De non ser o caso, a nota final da materia quedará truncada cunha nota máxima de 4,5 (sobre 10), aínda cando a media aritmética das probas sexa superior.

O alumnado que na primeira oportunidade (primeira edición das actas) obteña unha calificación inferior a 4 nalguna(s) das partes deberá repetir a(s) parte(s) correspondentes no exame de xullo do curso académico actual para poder aprobar a totalidade da materia. De non superar a materia en dita convocatoria, o alumnado deberá examinarse da totalidade da materia en cursos posteriores, coa excepción da convocatoria extraordinaria de setembro.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senon tamén a súa corrección lingüística.

Compromiso ético: espérase que o alumnado presente un comportamento ético adecuado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, por exemplo), a cualificación global será de suspenso (0,0).

2.2 Avaliación global

A avaliación global consistirá nunha proba global final (100%) que se realizará na data oficial fixada pola Xunta de Facultade.

Para o alumnado da avaliación global, esta proba final consistirá en:

- 1) unha proba escrita (50%)
- 2) unha proba oral (50%).

A proba oral terá lugar a continuación da proba escrita.

Para superar a materia, é requisito indispensable acadar unha calificación media de 5 puntos cun mínimo de **4 sobre 10** en cada unha das partes. De non cumprirse este requisito, a nota final da materia quedará truncada cunha nota máxima de 4,5 (sobre 10), aínda cando a media aritmética das probas sexa superior.

O alumnado que na primeira oportunidade obteña una cualificación inferior a 4 nalguna das partes e suspenda, polo tanto, a materia, deberá examinarse da totalidade da materia nas seguintes convocatorias na data oficial fixada pola Xunta de Facultade.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senon tamén a súa corrección lingüística.

Compromiso ético: espérase que o alumnado presente un comportamento ético adecuado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, por exemplo), a cualificación global será de suspenso (0,0).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

McCullagh, M., **Good Practice. Communication Skills in English for the Medical Practitioner. Student's Book.**, Cambridge University Press, 2008

Bibliografía Complementaria

Black, A. & C., **Check your English Vocabulary for Medicine.**, 3rd edition, A&C Black Publishing, 2006

Glendinning, E.H. y B.A.S. HOLMSTÖM., **English in Medicine.**, Cambridge University Press, 2005

Glendinning, E.H., **Professional English in Use. Medicine.**, Cambridge University Press, 2007

Goodman, N.W. y M.B. Edwards, **Medical writing: A prescription for clarity.**, Cambridge University Press, 2006

Hull, M., **Basic English for Health Care Workers.**, Clyton International Consulting and Educational, 2005

- HULL, M., **Dialogues and readings: an English language workbook for nurses and medical personnel.**, Clyton International Consulting and Educational, 2003
-
- LONGMORE, Murray et al., **Oxford Handbook of Clinical Medicine.**, Oxford University Press, 2007
-
- MEIER PENN, E., **Anatomy and physiology for English Language Learners.**, Pearson Longman, 2006
-
- MILNER, M., **English for Health Sciences.**, Thomson Paraninfo, S.A., 2007
-
- Parkinson, J., **Manual of English for the Overseas Doctor.**, Churchill Livingstone, 1999
-
- Pohl, A., **Test your professional English.**, Penguin English, 2007
-
- Ribes, R. y Ros, P., **Medical English**, Springer EDT, 2006
-
- Villemaire, D. y Villemaire, L., **Grammar and writing skills for the Health Professional.**, Delmar/Thomson Learning, 2005
-
- Garrido, J.A., **Diccionario de terminología médica inglés-español/español-inglés. Dictionary of medical terminology English-Spanish/Spanish-English**, 4ª, Escpaxs, 2006
-
- McElroy, O.H., **Spanish-English-Spanish Medical Dictionary for PDA. Diccionario médico español-inglés-español para PDA**, 3ª, Lippincot Williams & Wilkins, 2006
-
- Nolte-Schlegel, I., **Medical Dictionary: English-Spanish-Portuguese. Diccionario de medicina: Inglés-Español-Portugués.**, Springer Verlag, 2004
-
- Rogers, G.T., **English-Spanish, Spanish-English medical dictionary. Diccionario médico inglés-español, español-inglés.**, 3ª, McGraw-Hill, 2007
-
- Cambridge Advanced Learner's Dictionary**, 2ª, Cambridge University Press, 2005
-
- Gran Diccionario Oxford. Español-Inglés/Inglés-Español.**, 3ª, Oxford University Press, 2007
-
- <http://www.thefreedictionary.com>,
-
- <http://www.englishmed.com>,
-
- <http://www.englishclub.com/english-for-work/medical.htm>,
-

Recomendacións

Outros comentarios

É conveniente que o alumno teña uns coñecementos previos de inglés equivalentes a un nivel intermedio de inglés (B1 dentro do Marco Europeo de Referencia para as Linguas).

Lémbrese que é obrigatorio o Manual de Texto que aparece no apartado de bibliografía básica.

Na avaliación terase en conta no só a pertinencia e calidade do contido das respostas senon tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais disponibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións, etc.) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia no deporte e a actividade física**

Materia	Fisioterapia no deporte e a actividade física			
Código	P05G171V01304			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Justo Cousiño, Lorenzo Antonio			
Profesorado	Justo Cousiño, Lorenzo Antonio			
Correo-e	lorenzo.justo@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral A materia Fisioterapia no Deporte e a Actividade Física que pretende ofrecer unha visión ampla da actuación do fisioterapeuta dentro do ámbito deportivo e a actividade física. O alumno/a coñecerá aspectos xerais do papel do fisioterapeuta dentro do ámbito deportivo (concepto de Fisioterapia Deportiva, funcións e competencias xerais do fisioterapeuta deportivo), a valoración fisioterápica do atleta, o equipo protector e órtesis no deporte, así como as principais lesións vinculadas a este ámbito. Ademais, desde un punto de vista teórico-práctico, o alumno coñecerá as principais técnicas para a prevención e o tratamento de lesións deportivas. Preténdese que o alumno/a adquira as estratexias necesarias para o tratamento e prevención de lesións dentro dun campo tan relevante como a Fisioterapia Deportiva.

A materia Fisioterapia é de carácter optativo e presenta unha carga crediticia de 6 créditos ECTS. Nesta materia proporcionaranse coñecementos básicos sobre lesións deportivas e técnicas de tratamento e prevención dentro do ámbito deportivo e da actividade física.

Enfocado á área do deporte, nesta materia desenvolveranse conceptos previamente abordados nos primeiros cursos do grao como: fisioloxía, biomecánica, valoración, fisioterapia xeral e afeccións médicas. Así mesmo, introduciranse novos conceptos e técnicas que o alumnado debe incorporar como arsenal terapéutico que lle resultarán útiles para o correcto desenvolvemento das estancias clínicas en cursos posteriores e en labor profesional ao finalizar o grao.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
C7	Coñecer os trocos fisiolóxicos e estruturais que se poden producir como consecuencia da aplicación da fisioterapia.
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.
C14	Comprender e aplicar os métodos e procedementos manuais e instrumentais de Valoración en Fisioterapia e Rehabilitación Física, así como a avaliación científica da súa utilidade e efectividade.
C15	Comprender os principios ergonómicos e antropométricos.
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.
C18	Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C36	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para la reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
C38	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.
D8	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade mais xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Distinguir entre o labor do fisioterapeuta no campo do deporte e outros ámbitos da fisioterapia	A2		C9 C15 C18 C36	D1 D3
Identificar e elixir as pautas idóneas para a exploración e valoración do deportista	A2		C7 C9 C13 C14 C15 C16 C36	D1 D7
Saber identificar e modificar as malas condicións do equipamento e material deportivo	A2	B3	C7 C9 C13 C14 C15 C16 C18 C36 C38	D1 D7
Identificar e resolver as causas que producen a patoloxía deportiva	A2		C7 C9 C13 C14 C15 C36	D1 D7
Distinguir entre as medidas de prevención e as medidas de tratamento das lesións deportivas	A2		C7 C9 C13 C14 C15 C36	D1 D7
Coñecer e identificar cando se deben aplicar os diferentes métodos de fisioterapia na rehabilitación de lesións deportivas	A2		C7 C9 C13 C14 C15 C18 C36 C38	D1 D7
Distinguir e aplicar que técnica pasiva ou activa pódese aplicar no ámbito da actividade física e do deporte para a rehabilitación de lesións	A2		C7 C9 C13 C14 C15 C16 C36	D1 D7
Realizar, expor e defender un traballo en grupo ou individual acerca dun tema relacionado cos contidos da materia.	A2	B3	C7 C9 C13 C14 C15 C16 C18 C36 C38	D1 D3 D7 D8

Contidos

Tema

Xeneralidades da Fisioterapia na Actividade Física e o Deporte. Papel do fisioterapeuta na reincorporación á práctica deportiva.

Lesións deportivas: Concepto e prevención. -

Tratamento xeral das lesións deportivas e exercicio terapéutico. Abordaxe a pé de campo. Técnicas e abordaxes desde a fisioterapia para a rehabilitación do deportista.

Aplicación de vendaxes en Fisioterapia Deportiva. -

Resposta e adaptación fisiolóxica ao exercicio físico e ao deporte -

Principios básicos de ecografía músculo-esquelética -

Avaliación do deportista e da poboación xeral para a prescrición de exercicio terapéutico -

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	23	65	88
Traballo tutelado	0	6	6
Prácticas de laboratorio	16	35	51
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Traballo	0	1	1
Simulación ou Role Playing	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como para presentar a materia. Xeralmente realízase na primeira semana de docencia da materia e se desglosará detalladamente a metodoloxía a levar a cabo, así como a avaliación da materia.
Lección maxistral	As clases teóricas serán participativas e utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. O alumnado terá á súa disposición na plataforma de teledocencia as notas elaboradas polo/o profesor/a, que lle servirán de guía. Solicitarase a participación activa do alumnado.
Traballo tutelado	O alumnado deberá elaborar un traballo relacionado coa Fisioterapia do Deporte. Cada grupo, de acordo co/o profesor/a, fará o traballo cunha orientación específica sobre o tema e utilizarase a plataforma de teledocencia, así como as tecnoloxías da Información e as Comunicacions. O traballo terá que seguir a Fisioterapia Baseada na Evidencia. Tamén se requirirá a consulta de bases de datos científicas e o uso de buscadores de artigos científicos.
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de laboratorio utilizarase a demostración experimental, a estratexia de simulación, o tratamento didáctico de erros e o adestramento sistemático. O/a docente fará a demostración de como se debe realizar a valoración e/ou o protocolo de tratamento, a continuación o alumnado realizará por parellas a práctica entre eles, sendo corrixiados polo/a docente e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Na corrección terase en conta por unha banda a posición do usuario/paciente, as tomas e contratomas realizadas, así como a execución da manobra e por outra banda a altura da mesa de tratamento e a postura do alumno que está a realizar a práctica. Así mesmo, terase en conta a actitude do alumnado. O alumnado debe coñecer o fundamento teórico e a evidencia científica que sustenta cada unha das técnicas que aplica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O/o alumno/a deberá darse de alta na plataforma de teledocencia para o correcto seguimento da materia. As titorías de orientación e asesoramento académico levarán a cabo no horario e lugar indicados no apartado da guía correspondente. Tamén se pode realizar solicitándoas por correo electrónico indicando no asunto "Titorías". Para unha correcta atención personalizada requírese que o alumnado realice un traballo continuado durante todo o cuatrimestre e as dúbidas váianse liquidando ao longo de todo o curso. Isto permitirá a correcta adquisición de competencias e coñecementos.

Traballo tutelado	As titorías de orientación e asesoramento realizaranse grupo pequeno, de 4 a 5 alumnos/as e nas horas estipuladas nas normas do traballo publicadas na plataforma de teledocencia. Para unha correcta atención personalizada requírese que o alumnado realice un traballo continuado durante todo o cuatrimestre e as dúbidas váianse liquidando ao longo de todo o curso. Isto permitirá a correcta adquisición de competencias e coñecementos.
Prácticas de laboratorio	O alumnado deberá solicitar a titoría por medio dun correo electrónico indicando no asunto " Titorías". A/o docente indicarlle a data e hora da mesma. Para unha correcta atención personalizada requírese que o alumnado realice un traballo continuado durante todo o cuatrimestre e as dúbidas váianse liquidando ao longo de todo o curso. Isto permitirá a correcta adquisición de competencias e coñecementos.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas de desenvolvemento	A metade do exame teórico consistirá en preguntas de desenvolvemento.	20	A2	B3	C7 C9 C13 C36 C38	D1 D7
Traballo	A realización, asistencia a titorías e entrega de toda a documentación do traballo é obrigatoria. Valorarase a participación nas titorías do traballo, así como a súa redacción e a utilización de fontes bibliográficas de alto impacto científico. En caso de non realizar o traballo ou a correspondente entrega de documentación non se superará a materia.	20	A2	B3	C7 C9 C13 C14 C15 C16 C18 C36 C38	D1 D7
Simulación ou Role Playing	Realizarase un exame práctico onde o alumnado debe executar métodos e técnicas abordados ao longo do curso. As cuestións prácticas serán asignadas ao azar dentro do conxunto de métodos e técnicas de tratamento que se fixeron ao longo do curso. O alumnado debe ter coñecemento de todos os métodos e técnicas abordados na materia. Para poder presentarse ao exame práctico, o alumnado ten que presentarse primeiro ao exame teórico.	40	A2	B3	C7 C9 C13 C14 C15 C16 C18 C36	D1 D3 D7 D8
Exame de preguntas obxectivas	Para superar o exame, deberá obterse unha nota de 5 sobre 10 no exame de preguntas obxectivas. Este tipo de exame inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, opción múltiple, emparellamento de elementos,...). As preguntas incorrectas serán penalizadas.	20	A2	B3	C7 C9 C13 C36 C38	D1 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

- AVALIACIÓN CONTINUA:

Na modalidade de avaliación continua, as porcentaxes de avaliación son:

-Probas escritas (total 40%): Exame con preguntas obxectivas (eliminadoras): 20% e Exame con preguntas de desenvolvemento: 20%.

-Traballo: 20%. Obrigatorio.

- Exame práctico (Simulación ou Role Playing): 40%

Para aprobar a materia, o alumno deberá: obter polo menos un 5 sobre 10 no exame teórico (xunto co exame de preguntas obxectivas e cuestións de desenvolvemento) e superar de forma independente o exame de preguntas obxectivas, deberá aprobar o traballo (obtelo como mínimo 5 sobre 10), deberá superar o exame práctico (obter polo menos 5 sobre 10) e a nota global da materia debe ser superior a 5 tendo en conta as distintas porcentaxes de avaliación.

As probas escritas (proba obxectiva e proba de resposta longa) poden incluír exercicios de opción múltiple, exercicios de verdadeiro/falso, exercicios de correspondencia de elementos, exercicios de conclusión de frases, exercicios de resposta cun termo específico, clínicas de resolución de casos ou interpretación dunha imaxe/gráfica, así como outras actividades que se desenvolveron ao longo do curso. Así mesmo, no mesmo enunciado pódense avaliar conceptos de diversos temas para

comprobar a asimilación de contidos por parte do alumnado. A proba obxectiva terá a correspondente penalización por respostas erróneas.

A realización do traballo é obrigatoria.

-AVALIACIÓN GLOBAL (renuncia á avaliación continua):

Polas características da materia e pola distribución das porcentaxes de avaliación, na modalidade de avaliación global mantéñense as mesmas porcentaxes de avaliación e os mesmos criterios para superar a materia.

O alumnado que non queira seguir a avaliación continua deberá comunicalo por escrito seguindo o procedemento establecido pola Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua deberá realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada á avaliación continua, non terá dereito a ela nin ás consideracións que nela se establezan.

-AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA- RECUPERACIÓN:

Na avaliación de recuperación mantéñense as mesmas porcentaxes que na avaliación continua e global. Ademais, mantéñense os mesmos requisitos mínimos para superar a materia.

En caso de non superar a proba escrita en convocatoria ordinaria (ou só as preguntas obxectivas) deberán repetirse todas as probas escritas: Exame de preguntas obxectivas (eliminatório): 20% e Exame de preguntas de desenvolvemento: 20%. Para aprobar a materia é necesario superar o exame de preguntas obxectivas e a nota global do exame debe ser de 5 sobre 10.

No caso de superar as probas teóricas, o exame práctico ou o traballo, a cualificación consérvase na convocatoria de recuperación.

En caso de non superar o traballo, deberá repetir o traballo segundo os criterios especificados para esta convocatoria.

Outras consideracións:

Independentemente da nota media obtida nas probas de avaliación, se non se cumpren os requisitos mínimos exixidos anteriormente, a cualificación obtida quedará SUSPENSA.

A nota de suspenso nunca será superior a 4,5.

En todas as convocatorias e modalidades para poder presentarse á proba práctica hai que realizar previamente a proba teórica.

Polo tanto, podería darse o caso de que un alumno/a obteña unha nota de 5 sobre 10 ou superior na avaliación global, tendo en conta as porcentaxes das probas de avaliación; non obstante, se o alumno non supera algunha das probas de avaliación, a cualificación da avaliación global será suspendida.

Os sistemas de avaliación descritos nesta Guía Docente son sensibles tanto á avaliación das competencias como aos contidos da materia.

A presenza de faltas ortográficas en traballos ou probas escritas pode levar ao suspenso.

A Guía Docente seguirá o **REGULAMENTO DA AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E CALIDADE DOCENTE E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO** (Aprobado polo claustro o 18 de abril de 2023), así como as adaptacións específicas para o Grao en Fisioterapia que determine a Xunta de Centro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Porter, S.; Wilson, J., **A Comprehensive Guide to Sports Physiology and Injury Management. An interdisciplinary Approach**, ELSEVIER, 2020

Smith, C. ; Dilley, A.; Mitchell, B.; Drake, R., **GRAY Anatomía de Superficie y Técnicas Ecográficas. Bases para la Práctica Clínica**, ELSEVIER, 2021

Bové, T., **El Vendaje Funcional**, ELSEVIER, 2021

Loukas, M.; Burns, D., **Anatomía por Ecografía. Fundamentos**, WOLTERS KLUWER, 2020

Iriarte, I.; Pedret, C.; Balius, R.; Cerezal, L., **Ecografía Musculoesquelética. Exploración Anatómica y Patología**, Editorial Medica Panamericana, 2020

Lederman, E., **Functional Exercise Prescription. Supporting Rehabilitation in Movement and Sport**, Handspring, 2022

Justo Cousiño; LA, **El reto de la especialización en fisioterapia en España**, FEM: Revista de la Fundación Educación Médica, 2019

Romero, R. D. ; Tous, F. J., **Prevención de lesiones en el deporte: Claves para un rendimiento óptimo**, Editorial Medica Panamericana, 2010

Kumbrink, B., **La guía ilustrada del K-taping: Principios básicos - técnicas - indicaciones.**, Paidotribo, 2015

Ylinen, J., **Estiramientos terapéuticos: En el deporte y en las terapias manuales.**, ELSEVIER, 2009

Bridges, T.; Bridges, C., **Kinesiotaping. Pruebas musculares y aplicaciones de taping**, Paidotribo, 2018

Sijmonsma, J., **Taping neuro muscular: Manual.**, Aneid Press, 2014

Potach, D., Meira, E., **Sport injury prevention anatomy.**, Human Kinetics, 2023

Bibliografía Complementaria

Beam Joel, **Orthopedic Taping, Wrapping, Bracing, and Padding**, F.A. DAVIS, 2021

Crossley, J., **Functional Exercise and Rehabilitation. The Neuroscience of Movement, Pain and Performance**, ROUTLEDGE, 2021

Shumway-Cook, A.; Woollacott, M., **Motor Control. Translating Research into Clinical Practice. International Edition**, WOLTERS KLUWER, 2022

Cleland, J. ; Koppenhaver, S.; Su, J., **NETTER Exploración Clínica en Ortopedia. Un Enfoque Basado en la Evidencia**, ELSEVIER, 2022

Salom, J., **Readaptación tras las Lesiones Deportivas. Un Tratamiento Multidisciplinar Basado en la Evidencia**, Editorial Medica Panamericana, 2020

Rodríguez, H. C.; Ayala, M. J. D., **Lesiones crónicas del tobillo en el deporte.**, Editorial Medica Panamericana, 2015

Balius, M. R.; Pedret, C. C., **Lesiones musculares en el deporte.**, Editorial Medica Panamericana, 2013

Starkey, C, **Patología ortopédica y lesiones deportivas: Guía de examen.**, Editorial Medica Panamericana, 2012

Seco, C. J, **Métodos específicos de intervención en fisioterapia.**, Editorial Medica Panamericana, 2016

Recomendaciones

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisiología: Movimiento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

Valoración en fisioterapia/P05G171V01108

Anatomía humana: Afecciones médicas/P05G171V01201

Fisioterapia xeral I/P05G171V01204

DATOS IDENTIFICATIVOS**Pilates aplicado en fisioterapia**

Materia	Pilates aplicado en fisioterapia			
Código	P05G171V01305			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Rodríguez Fuentes, Gustavo			
Profesorado	Rodríguez Fuentes, Gustavo			
Correo-e	gfuentes@uvigo.es			
Web	http://gfuentes.webs.uvigo.es/index.htm			
Descrición xeral	Esta materia aporta aos estudantes as bases para: <input type="checkbox"/> Identificar e interpretar os principios conceptuais do desenvolvemento e a regulación dos Medicamentos de Terapias Avanzadas en España e na UE. <input type="checkbox"/> Analizar e comparar a aplicación das terapias avanzadas na práctica clínica actual, así como valorar as limitacións e os retos que presentan			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
C2	Comprender os principios da biomecánica e a electrofisioloxía e as súas principais aplicacións no ámbito da fisioterapia.			
C4	Coñecer e desenvolver a teoría da comunicación e as habilidades interpersoais.			
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.			
C15	Comprender os principios ergonómicos e antropométricos.			
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.			
C24	Promover hábitos de vida saudables a través da educación para a saúde.			
C35	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.			
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.			
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións			
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Definir e describir os principios básicos do método Pilates			C2 C15 C35	
Diferenciar e aplicar as distintas modalidades de aplicación do método Pilates (con e sen pequenos implementos, no chan ou en máquinas)	A2	B3	C2 C4 C13 C15 C16 C24 C35	D1 D4
Analizar e demostrar os principios básicos da postura e do movemento implicados no método Pilates	A2	B3	C2 C4 C15 C16 C35	D1 D4
Identificar os principios que rexen a programación dunha clase de Pilates, así como da progresión a efectuar nos exercicios	A2		C2 C15 C24 C35	

Deseñar en grupo unha clase de Pilates ubicada (en función dunha patoloxía e das características duns pacientes), demostrala e xustificala diante dos outros grupos de alumnos e alumnas	A2	B3	C2 C4 C13 C15 C16 C24 C35	D1 D4 D7
--	----	----	---	----------------

Contidos

Tema	
Historia do método Pilates	- A figura de Joseph H. Pilates. - Pilates en España. - Que é Pilates.
Bases do método Pilates	- Principios básicos - Anatomía e biomecánica - Análise da postura - Ferramentas que facilitan o movemento
Material empregado no método Pilates	- Máquinas - Material accesorio
Desenvolvemento do método Pilates en Fisioterapia	- Principios para a progresión de exercicios - Programación dunha clase - Indicacións e precaucións do método Pilates - Medidas de seguridade ao manexar o material
Exercicios do método Pilates	- No chan - En máquinas

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	9	14	23
Aprendizaxe colaborativa	9	18	27
Prácticas de laboratorio	24	48	72
Traballo tutelado	2	20	22
Cartafol/dossier	1	0	1
Traballo	2	0	2
Simulación ou Role Playing	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Terán a finalidade de transmitir os obxectivos da materia, detallar os contidos sobre os que se traballarán e como se fará, e aclarar os criterios de avaliación a seguir
Lección maxistral	Clases teórico-participativas onde se fomentará a participación activa do alumnado e que introducirá e facilitará as diferentes actividades que conformen a aprendizaxe colaborativa. Emprego de forma xenérica de medios audiovisuais. Darase información a través da plataforma de teledocencia Moovi.
Aprendizaxe colaborativa	Dentro das clases teóricas e en relación coas leccións maxistras do profesorado, desenvolverase unha metodoloxía de aprendizaxe colaborativa, onde os diferentes temas veranse a través de actividades realizadas en pequeno grupo, facilitando o desenvolvemento dunha participación activa do alumnado na súa propia aprendizaxe. Darase información a través da plataforma de teledocencia Moovi.
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas seguirase unha metodoloxía demostrativa cunha análise razoada dos exercicios que compoñen o método Pilates. O/a docente explicará e demostrará como se realizan os distintos exercicios, polo que serán prácticas guiadas onde se busque a integración, non só dos coñecementos teóricos da materia, senón tamén dos coñecementos anatómicos, biomecánicos e de patoloxía que xa posúan. Todos os exercicios presentaranse nunhas fichas de prácticas, onde parte da información xa a vai a dar o/a docente da materia, tendo o alumnado que completala. Darase información a través da plataforma de teledocencia Moovi.

Traballo tutelado	Os traballos implicarán un papel completamente activo por parte do alumnado e serán elaborados en grupo (conformaranse varios grupos dentro de cada grupo de práctica). Os traballos consistirán en elaborar e impartir unha clase de Pilates enfocada, ben a unha patoloxía prevalente na nosa sociedade, ben a unha poboación cunhas condicións físico-funcionais determinadas. Ademais, os grupos deberán entregar un informe da clase proposta no cal se expoñan os obxectivos principais da sesión para aquela patoloxía ou poboación, así como a descrición dos exercicios que integran a clase e un vídeo coa representación dos exercicios que a conformen. Darase información a través da plataforma de teledocencia Moovi. O/a docente exercerá un papel de orientador e apoio no proceso de elaboración do traballo en cada grupo.
-------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Esta atención personalizada farase tanto presencialmente, no horario de titorías oficiais, como a través de correo-e (indicando en asunto Titoría).
Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas que poida ter o alumnado na realización das distintas actividades propostas e nas evidencias a presentar.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas que poida ter o alumnado e a clarear a rúbrica de avaliación do exame práctico.
Traballo tutelado	A atención personalizada, basicamente, estará centrada en solucionar dúbidas, en orientar o traballo a realizar na materia, e a levar rexistro e valorar o feito polo alumnado.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Cartafol/dossier	Asistencia obrigada a un mínimo do 80% das clases. Quen falte máis de 4 horas de docencia teórica, deberá superar a materia a través dun exame tipo test descrito en "outros comentarios sobre a avaliación". Entrega ao final de cada clase, ou cando se estableza en función da actividade desenvolvida, das evidencias do traballo realizado ao longo da mesma. Haberá 9 actividades distintas e cada unha delas terá un valor entre 0 e 0,3 puntos e, como mínimo, cada estudante debe entregar evidencias de 7 delas. En caso contrario, terá que facer o exame test final. Ao final das clases teóricas, cada estudante terá que entregar un documento de avaliación da materia e do traballo desenvolvido, así como unha autoavaliación de si mesmo/a. Este documento terá como mínimo os seguintes apartados: grao de asistencia ás clases teóricas, grao de cumprimento coas actividades desenvolvidas, as dúas actividades que máis lle gustaron e as dúas que menos, recomendacións para o futuro e autoavaliación persoal (nota que pensa que merece). Esta avaliación terá un valor comprendido entre 0 e 0,3 puntos.	30	A2	B3	C2	D1
					C4	D4
					C13	D7
					C15	
					C16	
					C24	
					C35	
Traballo	A realización do traballo é obrigatoria para superar a materia. Entregarase en soporte informático ao profesorado ou empregarse a plataforma de teledocencia MooVi (https://moovi.uvigo.gal/), subíndoo ao espazo que o grupo terá na mesma dentro da materia. A metade da puntuación do traballo corresponderá ao informe escrito e o vídeo entregado, e a outra metade corresponderá á clase presentada ante a/o docente e as/os compañeiras/os do grupo de prácticas.	40	A2	B3	C2	D1
					C4	D4
					C13	D7
					C15	
					C16	
					C24	
					C35	
Simulación ou Role Playing	Exame onde cada estudante dirixirá 3 exercicios (1 en máquinas e 2 no chan) dunha maneira práctica (10 minutos por exercicio). Os exercicios serán elixidos ao azar polo propio estudante dentro do conxunto de exercicios que se fixeron ao longo do curso. Ao rematar as clases de Pilates en máquinas farase o exame práctico desa parte (suprimíndose esa pregunta da data que lle corresponda na convocatoria de maio-xuño). Todas as preguntas valoraranse de 0 a 10 puntos.	30	A2	B3	C2	D1
					C4	D4
					C13	
					C15	
					C35	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao alumnado que non supere a materia, gardaráselle a parte superada para a convocatoria de segunda oportunidade do mesmo ano académico (**parte superada significa ter un 5 de 10 ou máis en cada unha das partes que conforman a avaliación**, o que supón, cando menos, ter 1,5 puntos no cartafol e no exame práctico, e 2 puntos no traballo).
Quen non cumpra coas obrigas sinaladas no apartado de cartafol, terá que facer un **exame final tipo test**. Características do mesmo: 40 preguntas de resposta única (duración máxima de 1 hora); tódalas preguntas terán o mesmo valor. Para

superalo, o estudante terá que acadar, polo menos, 1,50 puntos (corresponde a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). Por outra parte, sinalar que as deixadas en branco non descontarán, pero si o farán as contestacións erradas tal e como se indica na seguinte fórmula: $Cualificación = [acertos - (erros/n^{\circ} \text{opcións}-1) / n^{\circ} \text{preguntas}] \cdot 10$

Quen non aprobe o traballo, na convocatoria de 2ª oportunidade terá que facer un traballo individual consistente en elaborar unha clase para un caso clínico a proposta polo/a docente da materia. Este traballo terá unha parte escrita e outra audiovisual (2 puntos máximo en cada unha destas partes), pero non unha presentación pública.

No caso de que o/a alumno/a non aprobe cada unha das partes da materia, e aínda que a media dea unha cualificación de aprobado, suspenderá a materia e se lle porá no acta unha cualificación de 4,5.

A Guía Docente segue o "Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado", aprobado no Claustro do 18 de abril de 2023, así como as adaptacións específicas para o Grao en Fisioterapia determinadas pola Xunta de Centro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Calvo JB., **Pilates terapéutico. Para la rehabilitación del aparato locomotor.**, Médica Panamericana, 2012

Geweniger V, Bohlander A., **Manual de pilates: ejercicios con colchoneta y aparatos como forma de prevención y rehabilitación**, Paidotribo, 2016

Isacowitz R, Clippinger K., **Anatomía del pilates. Nueva edición ampliada y actualizada: Guía ilustrada para mejorar la estabilidad de core y mejorar el equilibrio**, Tutor, 2020

Bibliografía Complementaria

Aaronson N, Turo AM., **Pilates para la recuperación del cáncer de mama**, Tutor, 2016

Calais-Germain B, Raison B., **Pilates sin riesgo: 8 riesgos del Pilates y cómo evitarlos**, La Liebre de Marzo, 2011

Calvo JB., **Método Pilates durante el embarazo, el parto y el posparto: una guía metodológica**, Médica Panamericana, 2019

Fernández Arranz M, Lambruschini R, Fernández Arranz J., **Manual de Pilates aplicado al embarazo**, Médica Panamericana, 2016

Humanes Balmont R., **Pilates basado en evidencias científicas**, Vivelibro, 2014

Isacowitz R., **Pilates: manual completo del método Pilates**, 2ª, Paidotribo, 2016

Kaplanek BA, Levine B, Jaffe WL., **Pilates y rehabilitación para síndromes y artroplastias**, Paidotribo, 2014

Merrithew LG., **Manual de ejercicios completos de Matwork**, Stott Pilates, 2006

Pilates JH., **Tu salud: un sistema de ejercicios que ha revolucionado el mundo de la educación física**, Presentation Dynamics, 1998

Pilates JH, Miller WJ., **Volver a la vida con la controlología de Pilates**, Presentation Dynamics, 1998

Richardson C, Hodges P, Hides J., **Therapeutic exercise for lumbopelvic stabilization. A motor control approach for the treatment and prevention of low back pain**, 2ª, Churchill Livingstone, 2004

Wood S., **Pilates para la rehabilitación: Recuperar lesiones y optimizar la estabilidad, la movilidad y la funcionalidad**, Tutor, 2019

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fisioterapia en especialidades clínicas I/P05G171V01308

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisioloxía: Movemento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

Valoración en fisioterapia/P05G171V01108

Outros comentarios

Dentro da plataforma de teledocencia MooVi, nos datos persoais, ademais do correo-e, sería conveniente indicar un teléfono de contacto (onde se vos poida localizar rapidamente en caso de urxencia, normalmente o móbil) e subir unha fotografía (para facilitar aos docentes, sobre todo nas primeiras semanas, a identificación do alumnado)

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia en uroginecoloxía e obstetricia**

Materia	Fisioterapia en uroginecoloxía e obstetricia			
Código	P05G171V01306			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Alonso Calvete, Alejandra			
Profesorado	Alonso Calvete, Alejandra			
Correo-e	alejalonso@uvigo.es			
Web	http://fisioterapia.uvigo.es/gl/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquira os coñecementos e destrezas precisos para a prevención e o tratamento dos distintos procesos e patoloxías obstétricas e uroginecolóxicas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo do proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.			
C13	Ter a capacidade de valorar desde a perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.			
C15	Comprender os principios ergonómicos e antropométricos.			
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.			
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de cuidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.			
C29	Coñecer as bases éticas e xurídicas da profesión nun contexto social cambiante.			
C36	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.			
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.			
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións			
D8	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade mais xusta e igualitaria.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Distinguir entre a labor do/a fisioterapeuta no campo de la uroginecoloxía e obstetricia e outros ámbitos da fisioterapia	A2	B3	C13 C15	D1 D4 D8
Identificar e valorar cada unha das estruturas anatómicas do chan pelviano así como a súa función	A2	B3	C9 C13 C16 C21 C36	D1
Distinguir entre as medidas de prevención e as medidas do tratamento da disfunción do chan pelviano	A2		C9 C13 C16 C21 C36	D1

Coñecer o manexo dos recursos (aparells) precisos para a exploración e tratamento uroxincolóxico e obstétrico	A2	B3	C13 C16 C21 C36	D1
Ser capaz de realizar a valoración da disfunción do chan pelviano	A2		C13 C16 C21 C36	D1 D4
Identificar e resolver as causas que producen incontinencia urinaria e as disfuncións sexuais masculinas e femininas	A2		C9 C13 C15 C16 C21 C36	D1 D8
Coñecer e aplicar os diferentes programas de psicoprofilaxis obstétrica (parto, durante e posparto)	A2	B3	C9 C13 C15 C16 C21 C29 C36	D1
Coñecer e aplicar un programa de fisioterapia na etapa da menopausa	A2	B3	C13 C15 C16 C21 C29 C36	D1

Contidos

Tema	
Bases e fundamentos da fisioterapia en uroxincoloxía e obstetricia	-
Consideracións anatómicas e fisiolóxicas	-
Fisioterapia e embarazo	-
Fisioterapia no parto, parto e postparto	-
Disfuncións do chan pelviano	-
Incontinencia urinaria	-
Disfuncións sexuais	-
Fisioterapia e menopausa	-

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	21	57	78
Prácticas de laboratorio	16	38	54
Traballo tutelado	2	14	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	0.5	0	0.5
Traballo	0.5	0	0.5
Observación sistemática	0.5	0	0.5
Cartafol/dossier	0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Dentro destas clases empregaranse as seguintes metodoloxías docentes: actividades inductorias, lección maxistral, estudo de casos, debate, foros de discusión e aprendizaxe colaborativa.
Prácticas de laboratorio	A metodoloxía docente empregada nas prácticas será a resolución de problemas, estudos de casos o debate e os foros de discusión.
Traballo tutelado	Para a realización do traballo tutelado empregaranse a resolución de problemas de forma autónoma e a presentación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Lección maxistral	O alumnado poderá solicitar titorías de xeito presencial, por medio dun correo electrónico ou por campus remoto. A/o docente indicarlle a data e hora de dita titoría.
Prácticas de laboratorio	O alumnado poderá solicitar titorías de xeito presencial, por medio dun correo electrónico ou por campus remoto. A/o docente indicarlle a data e hora de dita titoría.
Traballo tutelado	O alumnado poderá solicitar titorías de xeito presencial, por medio dun correo electrónico ou por campus remoto. A/o docente indicarlle a data e hora de dita titoría.

Probas	Descrición
Observación sistemática	
Cartafol/dossier	

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame teórico constará de preguntas de desenvolvemento. Para superar esta parte o alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.	40	A2	B3	C9 C13 C15 C16 C21 C29 C36	D1 D4 D8
Traballo	Elaborarase un traballo dos contidos da materia. A realización, exposición e defensa do traballo será obrigatoria.	10	A2	B3	C21 C29 C36	D1 D4 D8
Observación sistemática	O alumnado será avaliado nas actividades que se propoñan nas sesións prácticas e teóricas	40	A2	B3	C15 C16 C36	D1 D8
Cartafol/dossier	O alumnado elaborará un cartafol de cada unha das sesións prácticas	10		B3	C13 C29	D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua

O alumnado terá por defecto avaliación continua formada por 3 calificacións: unha teórica coa nota do exame de preguntas de desenvolvemento, unha práctica coa media aritmética do cartafol e a observación sistemática e unha do traballo.

Para superar a materia o alumnado debe ter superadas todas as partes de forma independente e asistir ao 80% das clases prácticas. A non asistencia ás prácticas supón a perda da avaliación continua.

O alumnado que teña unha das partes aprobadas gardaráselle a parte superada para a seguinte convocatoria dentro do mesmo ano académico.

Avaliación xeral (cando renuncie a avaliación continua)

O alumnado poderá solicitar a renuncia á avaliación continua informando á coordinadora da materia no prazo establecido. De ser así, a avaliación será: 50% exame teórico de preguntas de desenvolvemento e 50% exame práctico, onde deberá desenvolver as técnicas de cada unha das sesións prácticas.

O alumnado que teña unha das partes aprobadas gardaráselle a parte superada para a seguinte convocatoria dentro do mesmo ano académico.

2ª oportunidade

O alumnado poderá examinarse do 100% da materia nesta oportunidade, a través de 50% o exame teórico de preguntas de desenvolvemento e o 50% o exame práctico.

Para aprobar a materia débense ter superados de forma independente ambas as probas de avaliación

En calquera das convocatorias se o alumnado obtén unha cualificación numérica superior a 5, pero non cumpre os requisitos establecidos para aprobar a materia terá unha cualificación de 4,5 (suspenso). En caso de ter cualificacións inferiores poñerase a nota obtida

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Walker C., **Fisioterapia en obstetricia y uroginecología**, 2ª, Elsevier Masson, 2013

Castillo Montes FJ., **Fisioterapia obstétrica y uroginecológica**, 1ª, Formación Alcalá, 2018

Blanquet Rochera M., **Fisioterapia en las disfunciones sexuales femeninas**, 1ª, ECU, 2010

Ramírez I, Blanco L, Kauffmann S., **Rehabilitación del suelo pélvico femenino: práctica clínica basada en la evidencia**, 1ª, Editorial médica Panamericana, 2014

Dietz HP, Hoyte LPJ, Steensma AB., **Atlas of pelvic floor ultrasound**, 1ª, Springer, 2008

Torres Lacomba M, Meldaña Sánchez A., **Fisioterapia del suelo pélvico**, 1ª, Panamericana, 2022

Bibliografía Complementaria

Soto M, Da Cuña I, Gutiérrez M, López S., Ojea A, Lantarón E., **Early 3-month treatment with comprehensive physical therapy program restores continence in urinary incontinence patients after radical prostatectomy: A randomized controlled trial**, *Neurourol Urodyn* ., 2020

Soto-González M, Da Cuña-Carrera I, Gutiérrez-Nieto M, Lantarón-Caeiro EM., **Assessment of male urinary incontinence postprostatectomy through the Consultation on Incontinence Questionnaire-Short Form**, *Prog Urol*, 2020

Soto-González M, Da Cuña-Carrera I, Gutiérrez-Nieto M, Lantarón-Caeiro EM., **Assessment of male urinary incontinence postprostatectomy through the Consultation on Incontinence Questionnaire-Short Form.**, *Prog Urol*, 2020

Recomendaciones

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia en pediatría**

Materia	Fisioterapia en pediatría			
Código	P05G171V01307			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento				
Coordinador/a	Monge Pereira, Esther			
Profesorado	Monge Pereira, Esther			
Correo-e	esther.monge@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia optativa de 6 créditos, dirixida a estudar os recursos de fisioterapia existentes para a toma de decisións de abordaxe terapéutica entre a variedade de problemas que poden alterar o desenvolvemento motriz nos pacientes pediátricos.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
C7	Coñecer os trocos fisiolóxicos e estruturais que se poden producir como consecuencia da aplicación da fisioterapia.
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.
C18	Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C19	Comprender e realizar os métodos e técnicas específicos referidos ao aparello locomotor (incluíndo terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxia), aos procesos neurolóxicos, ao aparello respiratorio, ao sistema cardiorrespiratorio e ás alteracións da estática e a dinámica. Métodos e técnicas específicas que teñan en conta as implicacións da ortopedia na fisioterapia, técnicas terapéuticas reflexas, así como outros métodos e técnicas alternativas e/ou complementarias cuxa seguridade e eficacia estea demostrada segundo o estado de desenvolvemento da ciencia.
C20	Identificar o tratamento fisioterapéutico máis axeitado nos diferentes procesos de alteración, prevención e promoción da saúde así como nos procesos de crecemento e desenvolvemento.
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de cuidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.
C38	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.
D8	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecer os principais procesos patolóxicos en pediatría que levan a alteracións cognitivo-funcionais.	B2	C9 C20 C21 C38	D1 D4 D7
Describir o proceso natural de desenvolvemento psicomotor e en distintas situacións patolóxicas, as cales levan a unha alteración do proceso natural de desenvolvemento psicomotor.		C7 C9	D1

Describir as principais abordaxes de fisioterapia para a intervención con pacientes pediátricos.	B1	C7 C9 C16 C19 C21	D1 D7
Describir e demostrar como avaliar o estado funcional e intervir cun protocolo de estimulación psicomotriz en poboación infantil.	B1 B2	C7 C9 C16 C18 C19 C20 C21 C38	D1 D7
Realizar, expor e defender un traballo en grupo ou individual acerca dun tema relacionado cos contidos da materia.	B1 B2	C7 C9 C16 C18 C19 C20 C21 C38	D1 D7 D8

Contidos

Tema	
Proceso de desenvolvemento psicomotor	- Reflexos primitivos - Ontogénesis 0-12 meses.
Procesos patolóxicos prevalentes en pediatría	- Parálise cerebral e patoloxías afíns. - Patoloxías congénitas. - Patoloxías respiratorias. - Patoloxías ortopédicas.
Avaliación funcional en pediatría	- Escalas de clasificación. - Escalas de avaliación funcional.
Intervención fisioterapéutica en pediatría	- Estimulación temperá. - Abordaxe do cólico do lactante. - Métodos específicos de intervención en fisioterapia: Bobath, Vojta, Le Meteyer, Castelo Morais. - Fisioterapia respiratoria en pediatría. - Intervención de fisioterapia en contornas educativas. - Adaptación e elaboración de axudas posturais e de mobilidade que axuden ao neno a nivel estrutural, funcional, de actividade e participación.
Programas de estimulación psicomotriz	- Protocolos de psicomotricidade dirixida. - loga pediátrico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Presentación	1	0	1
Lección maxistral	22	64	86
Prácticas de laboratorio	32	20	52
Traballo tutelado	1	0	1
Foros de discusión	0	1	1
Presentación	1	0	1
Debate	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	2	2
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Terán a finalidade de transmitir os obxectivos e a planificación da materia, así como aclarar os criterios de avaliación a seguir.
Presentación	Exposición e defensa por parte da/o alumna/o ante a/o docente e as/os estudantes do traballo tutelado.

Lección maxistral	As clases teóricas serán participativas e nelas utilizarase o estudo de casos, o debate e a resolución de problemas. O alumnado terá á súa disposición en MOOVI apuntamentos que lle servirán de guía para o exame e de estudo previo de certas actividades.
Prácticas de laboratorio	Empregarase a demostración experimental, o role playing, o tratamento didáctico de erros e o adestramento sistemático. O/a docente fará a demostración de como se debe realizar a valoración e/ou o protocolo de tratamento, a continuación o alumnado realizará por parellas a práctica entre eles, sendo corrixidos polo/a docente e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Na corrección terase en conta por unha banda a posición do usuario/paciente, as tomas e contratomas realizadas, así como a execución da manobra e a ergonómia do alumno que está a realizar a práctica. Así mesmo, terase en conta a actitude de aprendizaxe do alumnado.
Traballo tutelado	O alumnado deberá elaborar, expor e defender un traballo en grupo.
Foros de discusión	Existirá un foro de discusión a disposición do alumnado para preguntar e resolver dúbidas, de modo que todas as dúbidas queden recollidas para a aprendizaxe do grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Titorías en grupo para resolver dúbidas acerca da exposición e defensa do traballo.
Lección maxistral	Titorías individuais ou grupais para resolver dúbidas relacionadas coas clases teóricas, ademais do emprego do foro de discusión onde quedarán resoltas as dúbidas.
Prácticas de laboratorio	Titorías individuais ou grupais para resolver dúbidas relacionadas coas clases prácticas previa cita por mail ou a través da plataforma MOOVI.
Traballo tutelado	Tutorías en grupo para resolver dúbidas acerca da elaboración do traballo grupal.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	Exame teórico de preguntas curtas.	40	C7 C9 C19	D7
Prácticas de laboratorio	Exame práctico de resolución dun suposto clínico mediante role playing.	40	B1 B2	C7 C16 C18 C19 C20 C21 C38 D4 D7 D8
Traballo tutelado	Valoración da redacción e os contidos da memoria escrita.	5	B1	D1 D4 D7
Presentación	Valoración da claridade de exposición e resolución de dúbidas por parte da clase e do/a profesor/a.	5		D1 D4 D7
Observación sistemática	Supervisarase na aula o manexo do alumnado cos contidos prácticos dando resposta ás súas consultas.	10		C19 C20 C21 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Requisitos mínimos:

Para presentarse ao exame práctico, o/a alumno/a deberá presentarse ao exame teórico.

A observación sistemática dependerá da asistencia ás clases prácticas, avaliación que se considerará superada cunha asistencia como mínimo do 87,5% (correspondente a unha única falta xustificada).

Para superar a materia, o/a alumno/a deberá ter superado cada unha das avaliacións de forma independente con 5 puntos sobre 10. A nota de suspenso nunca será superior a 4,5 naqueles casos nos que exista algunha parte da avaliación suspensa (inferior a 5 puntos) independentemente de se a media de todas as probas foi superior ou igual a 5 puntos.

Avaliación continua:

- Traballo por parellas. Análise dun artigo de intervención relacionado coa materia, elaboración dun póster cos seus datos e exposición oral na aula. Entrega na data sinalada na programación da materia e defensa nas últimas 4 horas teóricas. 10% nota final.

- Exame teórico de preguntas curtas a desenvolver. 40% nota final.

- Exame práctico de resolución dun caso clínico. 40% nota final.

- Observación sistemática. Avaliación da actitude e xestión na aula durante as horas prácticas. Depende da asistencia mínima ao 87,5% das clases prácticas. 10% nota final.

Avaliación global en convocatoria ordinaria (renuncia á avaliación continua) / 2a oportunidade (convocatoria de xullo):

- Exame teórico de preguntas curtas a desenvolver. 50% nota final.

- Exame práctico de resolución dun caso clínico. 50% nota final.

A Guía Docente seguirá a **NORMATIVA DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO** (Aprobada na facultade o 18 de abril de 2023), así como as adaptacións específicas para o Grao en Fisioterapia que determine a Xunta de Centro.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

María Lourdes Macías Merlo y Joaquín Fagoaga Mata, **Fisioterapia en Pediatría**, 2, Editorial Médica Panamericana, 2018

Mónica Yamile Pinzón Bernal y Luisa Matilde Salamanca Duque, **Evaluación Neuropediátrica Funcional Fundamentos y métodos de aplicación.**, 1, Editorial Médica Panamericana, 2021

Juan Espinosa Jorge et al., **Guía esencial de rehabilitación infantil**, 1, Editorial Médica Panamericana, 2021

Bibliografía Complementaria

Graciela Basso, **Neurodesarrollo en Neonatología**, 1, Editorial Médica Panamericana, 2016

Pablo Rosselli Cock y José Luis Duplat Lapedes, **Ortopedia Infantil**, 2, Editorial Médica Panamericana, 2012

L.Cascos-Vicente et al., **Abordaje fisioterapéutico en el tratamiento del cólico del lactante. Una revisión sistemática**, 2021

Castillo Montes Francisco Javier, **Fisioterapia respiratoria en pediatría**, Formación Alcalá, S.L., 2019

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fisioterapia en trastornos neuromotrices/P05G171V01301

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisioloxía: Movemento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia en especialidades clínicas I**

Materia	Fisioterapia en especialidades clínicas I			
Código	P05G171V01308			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	González González, Yoana			
Profesorado	Monge Pereira, Esther			
Correo-e	yoana@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia está enfocada ó aprendizaxe dos coñecementos teórico-prácticos que debe de ter un fisioterapeuta que participe na rehabilitación de persoas que padecen as consecuencias dunha disfunción do sistema neuromusculoesquelético.</p> <p>Abordaranse os beneficios da práctica adecuada de fisioterapia naqueles pacientes con disfuncións neuromusculoesqueléticas, xa que para que ésta sea beneficiosa, debe estar axustada ás capacidades da persoa, respetando as súas limitacións e favorecendo a súa funcionalidade.</p> <p>Para iso, os estudantes adquirirán a formación e o coñecemento que lles permita valorar o estado do paciente e lles permita propor as modalidades de fisioterapia axustadas ó seu nivel funcional, tendo en conta aquelas prácticas que poidan ser contraproducentes.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.
C19	Comprender e realizar os métodos e técnicas específicos referidos ao aparello locomotor (incluíndo terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxia), aos procesos neurolóxicos, ao aparello respiratorio, ao sistema cardiocirculatorio e ás alteracións da estática e a dinámica. Métodos e técnicas específicas que teñan en conta as implicacións da ortopedia na fisioterapia, técnicas terapéuticas reflexas, así como outros métodos e técnicas alternativas e/ou complementarias cuxa seguridade e eficacia estea demostrada segundo o estado de desenvolvemento da ciencia.
C20	Identificar o tratamento fisioterapéutico mais axeitado nos diferentes procesos de alteración, prevención e promoción da saúde así como nos procesos de crecemento e desenvolvemento.
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de coidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.
C22	Coñecer e aplicar as guías de boa práctica clínica.
C35	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
C36	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para la reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
C37	Adquirir a experiencia clínica adecuada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Identificar os procesos neurolóxicos do Sistema Nervioso Central, Periférico, Enfermidades neurodexenerativas, lesións medulares e enfermidades pediátricas susceptibles de recibir tratamento de fisioterapia.	A2	C9 C13 C21	
Facer a valoración e tratamento de fisioterapia en patoloxías de orixe neurolóxico relacionadas co Sistema Nervioso Central, Periférico, Enfermidades Neurodexenerativas, Lesións medulares, e Enfermidades Pediátricas.	A2	C9 C13 C16 C19 C20 C21 C22 C35 C36 C37	
Avaliar os resultados do tratamento e realizar tanto os informes de seguimento como o informe de alta do paciente.	A2 A3 A5	C13 C21	D1
Extraer información relevante dun tema relacionado coa materia, tanto no referente a patoloxías, métodos e técnicas de tratamento, a prevención e a promoción da saúde, así como expoñer e defender o mesmo.	A2	C13 C16 C19 C20 C21 C22 C36 C37	D1 D4

Contidos

Tema	
Métodos de Fisioterapia no tratamento das patoloxías pediátricas.	Coñecer as diferentes metodoloxías de tratamento das disfuncións pediátricas.
Fisioterapia nas afeccións do Sistema Nervioso Periférico.	Coñecer as metodoloxías de tratamento das enfermidades do sistema nervioso periférico.
Fisioterapia nas lesións medulares	Coñecer as metodoloxías de tratamento das lesións medulares.
Fisioterapia nos procesos neuromusculares.	Coñecer os principios fundamentais de traballo nos procesos neuromusculares.
Fisioterapia en oncoloxía	Coñecer os principios fundamentais de tratamento dos pacientes que padecen un proceso oncolóxico.
Fisioterapia nos procesos dexenerativos (Parkinson, esclerosis múltiple, ELA...)	Coñecer os principios fundamentais de aplicación das metodoloxías de tratamento dos diferentes procesos dexenerativos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	31	78	109
Presentación	1	6	7
Prácticas de laboratorio	40	60	100
Traballo	6	0	6
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Simulación ou Role Playing	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Indicaranse as directrices das metodoloxías que deberán de desenvolver os estudantes durante a realización da materia.
Lección maxistral	Trasmitirase información sobre os contidos da materia mediante a exposición apoiada con material audiovisual.
Presentación	Presentaranse os contidos da materia, así como as metodoloxías que se desenvolverán durante a mesma.
Prácticas de laboratorio	A/o alumna/o deberá realizar a práctica dos contidos presentados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolveranse as dúbidas plantexadas no desenvolvemento dos contidos teóricos, ademais de durante o desenvolvemento das clases, mediante tutorías presenciais nos despachos do profesorado ou mediante o correo electrónico.
Prácticas de laboratorio	Resolveranse as dúbidas plantexadas no desenvolvemento dos contidos prácticos, ademais de durante as clases, mediante tutorías presenciais nos despachos do profesorado ou mediante o correo electrónico.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Lección maxistral	Avaliaranse os coñecementos adquiridos nas clases maxistras. O exame teórico constará de preguntas de desenvolvemento. Para superar esta parte a/o alumna/o deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.	40	A2	C9 C13 C21	
Presentación	Avaliaranse os coñecementos e as competencias adquiridos mediante a realización do traballo tutelado a través da presentación do traballo escrito e da súa defensa.	20	A2	C13 C16 C19 C20 C21 C36 C37	D1 D4
Prácticas de laboratorio	Avaliaranse os coñecementos e habilidades adquiridos mediante as prácticas de laboratorio a través da simulación ou role playing. A proba consistirá en resolver supostos prácticos. Para superar esta parte a/o alumna/o deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.	40	A2 A3 A5	C9 C13 C16 C19 C20 C21 C22 C35 C36 C37	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

AVALIACIÓN CONTINUA:

Na modalidade de avaliación continua as porcentaxes de avaliación son:

-Exame de preguntas de desenvolvemento que suporá o 40% da nota da materia, Exame Práctico (Simulación o Role Playing): que suporá o 40% da nota e o traballo, de carácter obrigatorio, que suporá o 20% da nota.

Para superar a materia débese obter como mínimo un 5 sobre 10 no exame teórico, no exame práctico e no traballo.

As avaliacións continuas que se realicen fora do período de exames indicaranse na programación.

-AVALIACIÓN GLOBAL (renuncia a avaliación continua):

Debido ás características da materia e a distribución das porcentaxes de avaliación, na modalidade de avaliación global mantense as mesmas porcentaxes de avaliación e os mesmos criterios para superar a materia.

Aquel que non queira seguir a avaliación continua deberá notificalo por escrito seguindo o procedemento que estableza a Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua debe realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada a avaliación continua non se terá dereito á mesma, nin ás consideracións que nela se establezan.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Marta Bisbe Gutiérrez, Carmen Santoyo Medina, Vicenç Tomàs Segarra i Vidal., **Fisioterapia en Neurología: Procedimientos para restablecer la capacidad funcional.**, Medica Panamericana, 2012

Marta Bisbe Gutiérrez, Carmen Santoyo Medina, **Fisioterapia en neurología: Procedimientos para restablecer la capacidad funcional**, Medica Panamericana, 2021

Sophie Levitt, **Tratamiento de la parálisis cerebral y del retraso motor**, 5ª edición, Medica Panamericana, 2013

Bibliografía Complementaria

Roberto Cano de la Cuerda, Rosa M^a Martínez Piédrola, Juan Carlos Miangolarra Page, **Control y Aprendizaje Motor**, Medica Panamericana, 2015

Roberto Cano de la Cuerda, Susana Collado Vázquez., **Neurorrehabilitación: Métodos específicos de valoración y tratamiento**, Medica Panamericana, 2012

Rodríguez, M^a & Cano de la Cuerda, Roberto & Collado-Vazquez, Susana & Casas, Patricia, **Apps en neurorrehabilitación**, Dykinson, 2016

Kisner y Colby, **Ejercicio Terapéutico: Fundamentos y técnicas**, Medica Panamericana, 2010

Calais, Blandine, **ANATOMIA PARA EL MOVIMIENTO (T. I): INTRODUCCION AL ANALISIS DE LAS TECNICAS CORPORALES**, La liebre de marzo, 2012

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Fisioterapia en especialidades clínicas I/P05G171V01308

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Fisioterapia en especialidades clínicas II/P05G171V01309

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Fisioterapia en trastornos neuromotrices/P05G171V01301

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia en especialidades clínicas II**

Materia	Fisioterapia en especialidades clínicas II			
Código	P05G171V01309			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Soto González, María Mercedes			
Profesorado	Mollinedo Cardalda, Irimia Rodil Gargallo, María Soto González, María Mercedes			
Correo-e	m.soto@uvigo.es			
Web	http://http://fisioterapia.uvigo.es/gl/			
Descrición xeral	Nesta materia preténdese que o alumnado adquiera os coñecementos e destrezas, precisos para o tratamento dos distintos procesos e patoloxías do sistema musculoesquelético, desde la perspectiva de la fisioterapia.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.
C19	Comprender e realizar os métodos e técnicas específicos referidos ao aparello locomotor (incluíndo terapias manuais, terapias manipulativas articulares, osteopatía e quiropraxia), aos procesos neurolóxicos, ao aparello respiratorio, ao sistema cardiocirculatorio e ás alteracións da estática e a dinámica. Métodos e técnicas específicas que teñan en conta as implicacións da ortopedia na fisioterapia, técnicas terapéuticas reflexas, así como outros métodos e técnicas alternativas e/ou complementarias cuxa seguridade e eficacia estea demostrada segundo o estado de desenvolvemento da ciencia.
C20	Identificar o tratamento fisioterapéutico mais axeitado nos diferentes procesos de alteración, prevención e promoción da saúde así como nos procesos de crecemento e desenvolvemento.
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de cuidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.
C22	Coñecer e aplicar as guías de boa práctica clínica.
C36	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita a aplicar na clínica para la reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
C37	Adquirir a experiencia clínica adecuada que proporcione habilidades intelectuais e destrezas técnicas e manuais; que facilite a incorporación de valores éticos e profesionais; e que desenvolva a capacidade de integración dos coñecementos adquiridos.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Identificar os procesos músculo-esqueléticos, reumatolóxicos, ortopédicos, uroginecolóxicos e dermatolóxicos, susceptibles de recibir tratamento de fisioterapia.	A2 C9 C13 C21

Realizar a valoración, establecer os obxectivos e aplicar o tratamento de fisioterapia axeitado nas patoloxías de orixe músculo-esqueléticas, reumatolóxica, ortopédica, uroxincolóxica e dermatolóxica.	A2	C9 C13 C16 C19 C20 C21 C22 C36 C37	
Avaliar os resultados do tratamento e realizar tanto os informes de seguimento coma o informe de alta do paciente	A2 A3 A5	C13 C21	D1
Extraer información relevante dun tema relacionado coa materia, tanto no referente a patoloxías, métodos e técnicas de tratamento, a prevención e a promoción de saúde.	A2	C13 C16 C19 C20 C21 C22 C36 C37	D1 D4

Contidos

Tema	
Fisioterapia nos procesos traumáticos e óseos	-
Fisioterapia nos procesos ortopédicos e óseos	-
Fisioterapia en dermatoloxía	-
Fisioterapia nos procesos uroxincolóxicos	-
Fisioterapia, actividade física e patoloxía	-
Fisioterapia en amputados	-
Fisioterapia no Cancro	-

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	37	87	124
Prácticas de laboratorio	39	60	99
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Simulación ou Role Playing	0.5	0	0.5
Observación sistemática	0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nestas clases empregaranse as seguintes metodoloxías: actividades introdutorias, foros de discusión aprendizaxe colaborativa, estudo de casos e resolución de problemas.
Prácticas de laboratorio	No desenvolvemento das prácticas empregaranse metodoloxías como resolución de problemas, estudo de casos, debate e resolución de problemas de forma autónoma.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado poderá solicitar titorías a través do correo electrónico, xa sexan de xeito presencial ou por medio do campus remoto
Prácticas de laboratorio	O alumnado poderá solicitar titorías a través do correo electrónico, xa sexan de xeito presencial ou por medio do campus remoto

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame teórico constará de preguntas de desenvolvemento. Para superar esta parte a/o alumna/o deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.	40	A2 A3 A5	C9 C13 C16 C19 C20 C21 C22 C36 C37	D1 D4
Simulación ou Role Playing	A proba consistirá en resolver tres supostos prácticos que o alumnado deberá de escoller a chou. Para superar esta parte a/o alumna/o deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.	40	A2 A3 A5	C9 C13 C16 C19 C20 C21 C22 C36 C37	D1 D4
Observación sistemática	O profesorado realizará observación sistemática mediante a percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado.	20	A2	C16 C19 C20 C36 C37	D4

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non se acolla a avaliación continua, deberá comunicalo por escrito seguindo o procedemento establecido pola Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua deberá realizarse como data límite na 5ª semana de docencia, esta renuncia suporá que o alumnado acóllese a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada á avaliación continua, non terá dereito a ela nin ás consideracións que nela se establezan.

En calquera das modalidades de avaliación, para superar a materia a/o alumna/o debe ter superados o exame teórico e práctico de forma independente, pudéndose dar o caso de que un alumno/a obteña unha nota superior a 5 na avaliación global, pero tal como se indicou, se algunha das partes non está superada acadará unha nota de 4,5. No suposto que o alumno/a aprobe unha das partes gardarase a calificación da mesma pero só dentro do mesmo curso académico.

Ademáis, para poder presentarse ao exame práctico en calquera das convocatorias e modalidades é requisito indispensable que a/o alumna/o se presente ao exame teórico.

AVALIACIÓN CONTINUA

Exame de preguntas de desenvolvemento- este exame realizarase na data establecida na programación da materia, constará de 10 preguntas de desenvolvemento valendo cada unha de elas 10 puntos e aportarán o 40% da nota final.

Simulación ou role playing- realizarase nas datas de exame establecidas no calendario, e consistirá na resolución de 3 supostos clínicos os que suporán un 40% da nota final.

Observación sistemática- o profesorado fará un seguimento do alumnado en canto a aptitudes e actitudes. para acollese a esta avaliación é imprescindible a asistencia mínima dun 80% das clases prácticas e suporá o 20% da nota final.

AVALIACIÓN GLOBAL (no caso de renuncia a avaliación continua):

Neste caso o alumnado evaluarase do seguinte xeito:

Exame de preguntas de desenvolvemento- 10 preguntas de desenvolvemento con puntuación de 1 punto cada unha de elas (50% da nota)

Simulación ou role playing- exame de resolución de tres supostos prácticos (50% da nota)

2ª OPORTUNIDADE

O alumnado que se acolleu a avaliación continua avaliarase segundo as porcentaxes indicadas nesta guía.

O alumnado que renunciou a avaliación continua e acolleuse a avaliación global tendrá as mesmas porcentaxes de avaliación que na convocatoria ordinaria en modalidade de avaliación global.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Alegre C., **Fisioterapia en reumatología**, 1ª, Alcalá de Henares: Asetip, 2001
- Goodyer Paul., **Compendio de técnicas en rehabilitación musculoesquelética**, 1ª, McGraw-Hill Interamericana, 2003
- Seco Calvo J., **Fisioterapia en Especialidades Clínicas**, 1ª, Médica Panamericana, 2016
- Walker C., **Fisioterapia en obstetricia y uroginecología**, 2ª, Elsevier Masson, 2013
- Seco Calvo J., **Afecciones medicoquirúrgicas para fisioterapeutas**, Médica Panamericana, 2017
- Charles E. Giangarra, **Rehabilitación ortopédica clínica**, 4ª, Elsevier, 2018
- Klaus Buckup & Johannes Buckup, **Pruebas clínicas para patología ósea, articular y muscular**, 5ª, Elsevier, 2013
- Seco Calvo J., **Metodos específicos de intervencion en fisioterapia**, Médica Panamericana, 2021
- Castillo Montes FJ., **Fisioterapia en el tratamiento de cicatrices**, ALCALA GRUPO, 2022

Bibliografía Complementaria

- Haarer-Becker R, Schoer D., **Manual de técnicas de fisioterapia: (aplicación en traumatología y ortopedia)**, Editorial Paidotribo, 2001
- Miralles Marrero R, Miralles-Rull I., **Biomecánica clínica de las patologías del aparato locomotor**, 1ª, Elsevier Masson, 2006
- Orrego & Morán, **Ortopedia y traumatología básica**, Universidad delos Andes, 2014
- Díaz Mohedo,, **Manual de Fisioterapia en traumatología**, Elsevier, 2015

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Prácticas externas: Estadías clínicas/P05G171V01984

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G171V01101

Fisiología: Movimiento funcional en fisioterapia/P05G171V01105

Cinesiterapia/P05G171V01203

Fisioterapia xeral I/P05G171V01204

Fisioterapia cardiorrespiratoria/P05G171V01302

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia no linfedema**

Materia	Fisioterapia no linfedema			
Código	P05G171V01310			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	da Cuña Carrera, Iria			
Profesorado	da Cuña Carrera, Iria			
Correo-e	iriadc@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Fisioterapia no linfedema é unha materia optativa do segundo semestre do Grado en Fisioterapia. Con ela se pretende que acadedes competencias tanto teóricas como prácticas para abordaxe dos diferentes tipos de edemas en diferentes ámbitos desde a oncoloxía, a estética, a obstetricia e a traumatoloxía entre outros. É unha materia con moita carga práctica, para aprender a realización de tódalas técnicas incluídas na Terapia Desconxectiva Complexa, que a terapia recomendada na actualidade para o tratamento do linfedema.</p> <p>Materia do programa English Friendly. Os estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
C7	Coñecer os trocos fisiolóxicos e estruturais que se poden producir como consecuencia da aplicación da fisioterapia.
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo do proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.
C17	Coñecer, deseñar e aplicar as distintas modalidades e procedementos xerais de intervención en fisioterapia: Masoterapia, Electroterapia, Magnetoterapia, Hidroterapia, Balneoterapia, Climatoterapia, Talasoterapia, Termoterapia, Crioterapia, Vibroterapia, Fototerapia, Presoterapia, terapias derivadas doutros axentes físicos, así como aspectos fundamentais da Ergoterapia e outras terapias afíns ao ámbito de competencia da fisioterapia.
C18	Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.
C21	Identificar a situación do paciente/usuario a través dun diagnóstico de cuidados de fisioterapia, planificando as intervencións, e avaliando a súa efectividade nun entorno de traballo cooperativo con outros profesionais en ciencias da saúde.
C22	Coñecer e aplicar as guías de boa práctica clínica.
C38	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
D7	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer a fisioloxía e fisiopatoloxía linfática e describir as bases do Drenaxe Linfático Manual e da Terapia Desconxectiva Complexa	C7 C16 C17 C21 C38
Identificar a fisiopatoloxía en oncoloxía, en cirurxía plástica, reparadora e estética susceptible de tratamento de linfedema	C7 C9

Levar a cabo un protocolo de cinesiterapia aplicado a un paciente con linfedema.

A2

B1

C16

C22

D1

D7

Contidos

Tema

TEMARIO TEÓRICO

-

Anatomía e fisioloxía do sistema linfático

Introdución ao sistema linfático. Fisioloxía linfática. Fisiopatoloxía linfática. Fisiopatoloxía da formación de edemas de orixe vascular e linfático.

Fisioterapia do linfedema en cirurxía plástica, reparadora e estética.

Bases da drenaxe linfática manual. Profilaxis do edema.

Fisioterapia do linfedema en oncología

Fisioterapia desconxectiva complexa. Drenaxe linfática manual en pacientes oncolóxicos. Vendaxe multicapas. Presoterapia. Exercicio terapéutico

TEMARIO PRÁCTICO

-

Drenaxe linfático manual

Práctica de drenaxe linfático manual en membro superior, membro inferior, tronco e cara. Maniobras de chamada e de reabsorción.

Vendaxe multicapa

Práctica de vendaxe multicapa en membro superior e membro inferior

Presoterapia

Práctica de presoterapia en membro superior e membro inferior

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	65	79
Prácticas de laboratorio	25	26	51
Traballo tutelado	1	14	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Traballo	1	0	1
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	1	0	1
Observación sistemática	1	0	1
Simulación ou Role Playing	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Dentro destas clases se usarán as seguintes metodoloxías docentes: actividades introductorias, lección maxistral, resolución de problemas, debate, foros de discusión e aprendizaxe colaborativo.
Prácticas de laboratorio	Nas prácticas de laboratorio fomentárase o debate así como o estudo de casos.
Traballo tutelado	A través da realización do traballo se fomentará a resolución de problemas de forma autónoma. O traballo contará coa realización de un documento escrito así como á súa presentación na aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Titorías presencialmente, por correo electrónico ou a través do campus remoto cando o alumnado o solicite
Prácticas de laboratorio	Titorías presencialmente, por correo electrónico ou a través do campus remoto cando o alumnado o solicite
Traballo tutelado	Titorías en pequeno grupo presencialmente, por correo electrónico ou a través do campus remoto cando o alumnado o solicite.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame teórico: consta de 5 preguntas, non podendo deixar ningunha sen contestación efectiva.	40			C7 C9 C16 C17 C21 C38
Traballo	A realización, exposición e defensa do traballo é obrigatoria. Valorarase a formulación e análises realizadas, así como a redacción e utilización de fontes bibliográficas.	10	A2	B1	C16 C17 D1 D7
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Entrega de un informe de prácticas segundo o modelo proporcionado polo/a docente,	10		B1	C16 C17 C18 C21 C22 D7
Observación sistemática	É obrigatoria a asistencia a un 80% das clases prácticas para poder levar a cabo a observación sistemática	30		B1	C16 C17 C21 C22 D7
Simulación ou Role Playing	O último día das prácticas se levará a cabo unha simulación ou role play sobre un caso clínico. O alumnado deberá resolvelo e executar a técnica escollida	10		B1	C16 C17 C18 C21 C22 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que non se acolla a avaliación continua deberá comunicalo por escrito segundo o procedemento establecido pola Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua deberá realizarse como data límite na 5ª semana de docencia; esta renuncia suporá que o alumnado acóllese á avaliación global establecida da materia. Unha vez renunciada á avaliación continua, non terá dereito a ela nin ás consideracions que nela se establezca.

En calquera das modalidades de avaliación, para superar a materia o alumnado debe ter superados de forma independente a avaliación dos contidos prácticos, dos contidos teóricos e do traballo. Se, se da o caso que o/a alumno/a obteña unha nota superior a 5 na avaliación final como media das notas acadadas nas diferentes probas de avaliación, pero non conta cunha das partes superadas, acadará unha nota de 4,5.

Avaliación continua

A avaliación continua contará da avaliación de contidos teóricos a través dun exame de desenvolvemento (40%) no cal se esixe resposta efectiva. Para a avaliación dos contidos prácticos nesta modalidade, se esixe a asistencia ao 80% das prácticas. Os contidos prácticos se avaliarán a través da observación sistemática nas clases (30%), a través da entrega dun informe de prácticas (10%) e a través dunha proba de simulación (10%). Ademais o alumnado deberá levar a cabo un traballo en grupo (10%)

Avaliación global

No caso de que o alumnado renuncie a avaliación continua, terá dereito á avaliación global que constará de:

- Examen de desenvolvemento (40%)
- Examen de práctica de laboratorio (50%)
- Realización dun traballo (10%)

Avaliación de segunda oportunidade

A avaliación da segunda oportunidade será igual que a avaliación global.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Executive Committee of the International Society of Lymphology, **The diagnosis and treatment of peripheral lymphedema: 2020 Consensus Document of the International Society of Lymphology,**

Leduc, A, Leduc, O, **Drenaje Linfático Teoría y Práctica.**, Masson, Barcelona 2003

Ferrandez Jean-Claude, **El Sistema linfático**, Panamericana, Madrid 2006

Bibliografía Complementaria

Leduc, A, Leduc, O, <http://www.lympho.net>,

Millán Casas, Laura, **Linfedema: estudio y tratamiento**, Alcalá la Real: Formación Alcalá,, 2012

Roldán Jiménez, C, **Cáncer de mama y ejercicio físico**, 2021

Seco, J, **Sistema cardiorrespiratorio. Métodos, fisioterapia clínica y afecciones para fisioterapeutas**, 9788491102014, panamericana, 2018

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Fisioterapia xeral I/P05G171V01204

DATOS IDENTIFICATIVOS**Fisioterapia na diversidade funcional**

Materia	Fisioterapia na diversidade funcional			
Código	P05G171V01311			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Mollinedo Cardalda, Irimia			
Profesorado	Mollinedo Cardalda, Irimia			
Correo-e	imollinedo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta é unha materia optativa de segundo cuadrimestre de terceiro curso que está centrada na diversidade funcional e especialmente no proceso do envellecemento. En diversidade funcional, o fisioterapeuta debe valorar ao seu paciente identificando aqueles aspectos que merecen especial intervención para manter a maior independencia posible. Finalmente, a reeducación psicomotriz pode ser unha abordaxe moi interesante en pacientes con diversidade funcional pois permite un enfoque centrado nos principais aspectos da psicomotricidade: área motora, cognitiva e socioafectiva.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo			
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.			
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.			
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.			
C3	Identificar os factores psicolóxicos e sociais que inflúen no estado de saúde ou enfermidade das persoas, familias e comunidade.			
C9	Coñecer a fisiopatoloxía das enfermidades identificando as manifestacións que aparecen ao longo del proceso, así como os tratamentos médico-quirúrxicos, fundamentalmente nos seus aspectos fisioterapéuticos e ortopédicos. Identificar os trocos producidos como consecuencia da intervención da fisioterapia. Fomentar a participación do usuario e familia no seu proceso de recuperación.			
C13	Ter a capacidade de valorar desde la perspectiva da fisioterapia o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do mesmo.			
C16	Analizar, programar e aplicar o movemento como medida terapéutica, promovendo a participación do paciente/usuario no seu proceso.			
C38	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.			
D1	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.			
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Definir o concepto de diversidade funcional, ademais do seu contexto actual na sociedade.	A2	B3	C9 C13	D3
Describir e proceso natural de envellecemento e as distintas situacións patolóxicas que concorren con esa etapa da vida.	A2	B3	C3 C9 C13	D1 D3
Describir as principais abordaxes de fisioterapia para a intervención con pacientes con algún tipo de diversidade funcional ou situación de dependencia.	A2	B1 B3	C3 C9 C13 C16	D1 D3
Describir e diferenciar os principais recursos de axuda técnica dispoñibles para persoas con distintos graos de dependencia e diversidade funcional para facilitar as súas tarefas diarias, profesionais ou deportivas.	A2	B1 B2 B3	C3 C9 C13	D1 D3

Describir e demostrar como avaliar o estado funcional e intervir cun programa de reeducación psicomotriz en poboación maior.	A2	B1 B2 B3	C3 C9 C13 C16 C38	D1 D3
Realizar, expor e defender un traballo en grupo ou individual acerca dun tema relacionado cos contidos da materia.	A2	B1 B2 B3	C9 C13 C16 C38	D1 D3

Contidos

Tema	
Diversidade funcional.	Afondar no concepto da diversidade funcional e o seu contexto actual.
Proceso de envellecemento.	Coñecer os cambios fisiolóxicos e morfolóxicos que experimentan os diferentes sistemas orgánicos e como estes cambios poden conducir a diferentes procesos patolóxicos e diminución funcional.
Avaliación funcional na diversidade funcional	Coñecer e practicar coas principais ferramentas destinadas a definir o estado funcional dos pacientes de cara a planexar unha intervención baseada nos programas de reeducación psicomotriz.
Fisioterapia na diversidade funcional, dependencia e saúde mental.	Coñecer como a fisioterapia pode ter un papel fundamental en promover a independencia de pacientes con diversidade funcional, situación de dependencia (e cos seus familiares) e afectación mental.
Programas de reeducación psicomotriz.	Coñecer e practicar como estruturar diferentes sesións de reeducación psicomotriz en diferentes poboacións tendo en conta a área motora, cognitiva e psicoafectiva da reeducación psicomotriz.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Traballo tutelado	2	2	4
Lección maxistral	22	40	62
Prácticas de laboratorio	16	30	46
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	8	9
Simulación ou Role Playing	0	12	12
Traballo	0	10	10
Exame de preguntas obxectivas	0.5	4	4.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	A coordinadora da materia explicará os puntos a ter en conta referentes ao temario da materia e os seus docentes responsables, a forma de avaliación a levar a cabo e como estarán estruturadas as clases teóricas e prácticas da materia, ademais do traballo en grupo ou individual que se debe realizar. Explicará tamén a proposta de programación de clases a levar a cabo durante o cuadrimestre ben como as datas de realización dos exames. Finalmente, explicará as obrigacións docentes do alumnado para o desenvolvemento da materia.
Traballo tutelado	Desenvolvemento dun traballo teórico/práctico sobre unha temática relacionada cos contidos da materia. Os grupos de traballo determinaranse por temática ao principio do cuadrimestre pola coordinadora da materia. Existe a posibilidade de que o traballo se desenvolva de forma individual (avaliación global). O traballo constará dunha primeira parte onde se fará unha revisión da literatura científica sobre o tema acordado (entregarase unha pequena parte escrita) e unha segunda parte onde levarase a cabo un vídeo titorial (relacionado co tema do traballo). Farase un seguimento individual de cada integrante do grupo (si o traballo é en grupo) pois as notas estableceranse de forma individual. Os prazos de entrega do traballo e presentación (a través da plataforma Moovi) publicaranse a principio do cuadrimestre na plataforma virtual Moovi.
Lección maxistral	Nas clases teóricas combinarase a lección maxistral con clases teórico-participativas onde se fomenta e motívese a participación do alumnado. Poderase establecer actividades previas á impartición da clase e a súa entrega a través da plataforma virtual Moovi para a súa posterior discusión durante a clase teórica. Ademais, poderanse levar a cabo, durante as clases, actividades de resolución de problemas, Kahoots e aprendizaxe colaborativo. A criterio dos docentes responsables polos diferetes módulos, poderanse establecer foros de discusión no espazo propio da materia na plataforma de docencia virtual Moovi.

Prácticas de laboratorio Seguirase unha metodoloxía demostrativa, buscando a integración dos coñecementos teóricos na práctica. A/o alumna/o realizará a práctica, sendo corrixiados pola/o docente e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Ademais, expóñense estudos de caso e debates relacionados coa temática das clases.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada estará centrada en solucionar dúbidas, en orientar o traballo a realizar na materia, e a levar rexistro e valorar o realizado polo alumnado dun mesmo grupo e tamén de forma individual para cada integrante. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.
Lección maxistral	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas referentes ao temario teórico que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas referentes ao temario práctico que poida ter o alumnado e a orientar os seus esforzos na materia. Poderase facer de forma presencial ou de forma remota a través de Campus Remoto no despacho virtual de cada profesor/a da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas de desenvolvemento	Consta de preguntas de desenvolver sobre o temario da materia. Todas as preguntas terán o mesmo valor. O alumnado deberá alcanzar un mínimo de 10 sobre 20 para que a puntuación do exame compute na cualificación final.	20	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16
Simulación ou Role Playing	Entregaranse estas simulacións en formato vídeo. Realizarase en grupos de tres a catro persoas. O alumnado deberá alcanzar un mínimo de 5 sobre 10 para que a puntuación do exame compute na cualificación final.	35	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16 C38
Traballo	A realización do traballo da materia e telo superado é obrigatorio para superar a materia. O traballo considerarase superado si alcanza, polo menos, 10 puntos sobre 20 puntos. O traballo será entregado en soporte dixital empregando a plataforma virtual Moovi. Este traballo é grupal.	20	A2 B1 C9 D1 B2 C13 D3 B3 C16 C38
Exame de preguntas obxectivas	Consta de preguntas tipo test de 4 opcións de resposta sobre o temario da materia. O alumnado deberá alcanzar un mínimo de 5 sobre 10 para que a puntuación do exame compute na cualificación final.	15	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución de problemas ou exercicios durante algunhas das clases teóricas	10	A2 B1 C3 D1 B2 C9 D3 B3 C13 C16 C38

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación Continua:

O alumnado deberá acudir ao 80% das sesións teóricas e 80% das sesións prácticas. Ninguna falta que non se adhira ao establecido no artigo 15 do actual regulamento considerarase xustificada.

Realización de **exercicios interactivos en grupo** durante algunhas clases teóricas a través da app Kahoot, onde se concederán puntos da nota final en función da cualificación na devandita actividade. Ademais realizaranse debates e resolución de problemas.

É obrigatorio superar o traballo cun 5 sobre 10, para aprobar a materia. O resto das partes, se non alcanzan o 5 sobre 10 non computan na calificación final, pero non é un criterio para suspender a materia. Si na suma final das partes, o/a alumno/a non alcanza os 5 puntos sobre 10, irá a avaliación extraordinaria.

Avaliación Global:

O alumnado que non queira acollerse a avaliación contínua deberá notificalo por escrito seguindo o procedemento que

estableza a Facultade de Fisioterapia. A renuncia a avaliación continua debe realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón, que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada a avaliación continua non se tendrá en conta o dereito a mesma, nin as condicións que se establezan nela.

A modalidade global consta de:

- Realización dun exame de preguntas de desenvolvemento. Consta de preguntas de desenvolver sobre o temario da materia. Todas as preguntas terán o mesmo valor. Este exame supón o 50% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C3, C9, C13, C16, D1, D2.
- Simulación ou Role Playing. Exame práctico onde o alumnado contesta dun modo práctico diferentes preguntas. Estes supostos prácticos son elixidos ao azar. Para poder realizar o exame práctico, o/a alumno/a debe presentarse primeiro ao teórico. Este exame supón o 35% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C3, C9, C13, C16, C38, D1, D2.
- A realización do traballo da materia e telo superado é obrigatorio para superar a materia. O traballo considerárase superado si alcanza, polo menos 5 puntos sobre 10. O traballo será entregado en soporte dixital empregando a plataforma virtual Moovi. Este traballo é individual e supón o 15% da nota final. Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B1,B2, B3, C9, C13, C16, C38, D1, D2.

Non alcanzar os 5 puntos sobre 10 en cada unha das partes, implica ter esa parte suspensa e a súa recuperación na avaliación extraordinaria.

Avaliación Extraordinaria:

